

# Convocatoria Exame de Acceso á Avogacía 2025

*CONVOCATORIA DA PROBA DE AVALIACIÓN DE APTITUDE PROFESIONAL PARA O EXERCICIO DA PROFESIÓN DA AVOGACÍA PARA O ANO 2025*

# MODELO PROVISIONAL

**MODALIDADE EN LIÑA**

**NOTA:** Debido á modalidade en liña do exame e á aleatoriedade das preguntas e respostas, o seguinte modelo recolle o contido íntegro das preguntas e respostas, e salienta en formato vermello a resposta correcta.

## A. MATERIAS COMÚNS AO EXERCICIO DA PROFESIÓN DE AVOGADO/A

**1 – Nun proceso civil declarativo no que a participación nun medio de solución de conflitos resultaba legalmente preceptiva, Carla, parte demandada, refusa expresamente, sen xusta causa, participar nun medio adecuado de solución de controversias ao que fora efectivamente convocada. Posteriormente, en sentenza, a parte demandante ve rexeitada as súas pretensións. Haberá pronunciamento de custas da primeira instancia a favor de Carla?**

a) Si, necesariamente. Nos procesos declarativos, as custas da primeira instancia impoñéranselle á parte que vexa rexeitadas as súas pretensións.
b) Non, non haberá pronunciamento de custas a favor daquela parte que rexeitase expresamente e sen xusta causa participar nun medio adecuado de solución de controversias ao que fose efectivamente convocada.
c) Si, salvo que o tribunal aprecie, e así o razoe, que o caso presentaba serias dúbidas de feito ou de dereito.
d) Non, Carla poderá ser condenada en custas pois o Tribunal poderá acordar, en decisión debidamente motivada, condenar en custas a parte que non acudise, sen causa que o xustifique, a un medio adecuado de solución de controversias cando fose legalmente preceptivo, aínda cando a demanda fose rexeitada no seu favor.

**2 – Cristina, profesional da avogacía, é designada como avogada de oficio no marco da asistencia xurídica gratuíta recoñecida ao seu cliente. Transcorridos dous meses desde a súa designación, sen realizar ningunha actuación previa, advirte que a pretensión que o seu cliente pretende facer valer é insostible. Que debe facer Cristina?**

a) Queda obrigada a asumir a defensa.
b) Debe comunicarllo á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta, expoñendo os motivos xurídicos nos que fundamenta a súa decisión.
c) Pode abandonar a defensa, comunicándollelo ao seu cliente e á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta.
d) Debe poñelo en coñecemento do Colexio da Avogacía que a designou, expoñendo os motivos xurídicos nos que fundamenta a súa decisión.

**3 – O dereito á asistencia xurídica gratuíta comprende a asistencia xurídica gratuíta de profesional da avogacía en calquera dos medios adecuados de solución de controversias que teña por obxecto dar cumprimento ao requisito de procedibilidade disposto no artigo 5 da Lei orgánica de medidas de eficiencia do servizo público de xustiza?**

a) Si, sempre e cando no eventual proceso xudicial a intervención do profesional da avogacía sexa legalmente preceptiva ou cando non o sexa e a parte contraria actúe con el.
b) Si, pero unicamente cando no eventual proceso xudicial a intervención do profesional da avogacía sexa legalmente preceptiva.
c) Non, o dereito á asistencia xurídica gratuíta limítase ao procedemento xudicial cando a intervención destes profesionais sexa legalmente preceptiva, sen estenderse aos medios previos adecuados de solución de controversias.
d) Si, en todo caso, con independencia de que no eventual proceso xudicial a intervención do profesional da avogacía sexa legalmente preceptiva ou de que non o sexa e a parte contraria actúe con el.

**4 – Tras ser recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta advírtese que Carmen, solicitante desta, incorreu en ocultación de datos, determinantes estes para o recoñecemento do dereito ao seu favor. Que consecuencia se produce?**

a) A Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta revogará o recoñecemento do dereito, previa audiencia a Carmen, mediante resolución motivada, levando tal revogación consigo a obriga do pagamento de todos os honorarios ou dereitos devindicados polos profesionais intervenientes desde a concesión do dereito.
b) O dereito á asistencia xurídica gratuíta manterase, ao non ser posible a súa revogación, sen prexuízo das consecuencias penais ás que poida enfrontarse a beneficiaria.
c) A Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta revogará automaticamente o recoñecemento do dereito, sen previa audiencia a Carmen, condenando a esta a aboar os honorarios ou dereitos dos profesionais que interviñesen desde que o dereito foi recoñecido.

d) O dereito á asistencia xurídica gratuíta manterase, pois a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta unicamente pode revogar o recoñecemento en caso de falseamento de datos, pero non pola súa ocultación.

**5 – Carlos, profesional da avogacía, é sancionado por unha infracción leve relacionada cunha actuación desenvolvida na prestación dos servizos da quenda de oficio. Pódeselle impoñer a Carlos a exclusión dos servizos da quenda de oficio?**

a) Non, unicamente as sancións que se impoñan por infraccións graves ou moi graves relacionadas con actuacións desenvolvidas na prestación dos servizos da quenda de oficio poden levar aparellada a exclusión do profesional da avogacía dos ditos servizos.
b) Si, a sanción que se impoña por infracción leve relacionada con actuacións desenvolvidas na quenda de oficio levará aparellada, en todo caso, a exclusión do profesional da avogacía dos ditos servizos por un prazo mínimo de seis meses.
c) Si, poderá impoñerse a exclusión do profesional da avogacía dos ditos servizos por un prazo non superior a un ano.
d) Si, poderá impoñerse a exclusión do profesional da avogacía dos ditos servizos por un prazo non superior a seis meses.

**6 – Un profesional da avogacía advirte que a sentenza ditada nun procedemento no que interveu en defensa do seu cliente contén conceptos escuros, razón esta pola que solicita a súa aclaración. A sentenza é susceptible de recurso de apelación. Debe este profesional interpoñer tal recurso de apelación con anterioridade a que se resolva a súa solicitude para os efectos de evitar que transcorra o prazo para a súa interposición?**

a) Si, o prazo para a interposición do recurso continúa correndo a pesar da solicitude de aclaración formulada.
b) Si, o prazo para a interposición do recurso unicamente quedaría en suspenso de solicitar a rectificación da sentenza, pero non pola solicitude de aclaración.
c) Non, o prazo para a interposición do recurso quedou interrompido desde a solicitude de aclaración.
d) Unha vez transcorran dez días desde a solicitude formulada sen se resolver comezará a computarse o prazo para a interposición do recurso, debendo proceder entón á súa interposición.

**7 – En relación coas cuestións incidentais de previo pronunciamento, cal das seguintes afirmacións é correcta?**

a) As cuestións incidentais serán de previo pronunciamento se esixen que o tribunal decida sobre elas separadamente na sentenza antes de entrar a resolver sobre o que sexa obxecto principal do preito.
b) As cuestións incidentais de previo pronunciamento non suspenderán o curso ordinario do proceso.
c) As cuestións incidentais de previo pronunciamento son aquelas que, pola súa natureza, supoñen un obstáculo á continuación do xuízo polos seus trámites ordinarios, razón esta pola que se suspenderá o curso das actuacións ata que sexan resoltas.
d) En ningún caso se considerará como cuestión incidental de previo pronunciamento aquela que se refira a incidencias que ocorran durante o xuízo aínda cando a súa resolución sexa absolutamente necesaria para decidir sobre a súa continuación ou terminación.

**8 – Os titulares do dereito de defensa, teñen dereito a ser informados polo profesional da avogacía que asuma o seu defensa das estratexias procesuais máis adecuadas?**

a) Si.
b) Este dereito é recoñecido unicamente no ámbito penal.
c) Non. O profesional da avogacía ten dereito a utilizar a estratexia profesional máis adecuada sen obriga de informar o seu cliente, sempre que actúe da forma máis adecuada e favorable aos intereses deste.
d) Non. O dereito á información do titular do dereito de defensa limítase ao estado do asunto no que o profesional da avogacía está a intervir e as incidencias e resolucións relevantes que se produzan, pero non se estende ao coñecemento da estratexia procesual.

**9 – Cal é a finalidade dos servizos de orientación xurídica organizados polos colexios da avogacía?**

a) Exclusivamente prestar ás persoas información relativa aos requisitos para o acceso ao sistema de asistencia xurídica gratuíta.
b) Prestar ás persoas toda a información relativa á prestación de asistencia xurídica gratuíta, con excepción da información relativa aos requisitos para o acceso ao sistema de asistencia xurídica gratuíta, que corresponderá á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta.
c) Prestar ás persoas toda a información relativa á prestación de asistencia xurídica, e en particular os requisitos para o acceso ao sistema de asistencia xurídica gratuíta.
d) Informar dos custos xerais dun proceso particular e do procedemento para a fixación dos honorarios profesionais.

**10 – Cabe acudir á revisión de sentenzas firmes cando o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos declarase que unha resolución foi ditada en violación dalgún dos dereitos recoñecidos no Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais e os seus Protocolos?**

a) Non, só pode acudirse a esta vía nos supostos e nos casos previstos na normativa española entre os cales non se atopa este.
b) Si, sempre que a violación, pola súa natureza e gravidade, entrañe efectos que persistan e non poidan cesar de ningún outro modo que non sexa mediante esta revisión.
c) Non, en ningún caso poden impugnarse sentenzas firmes.
d) Non, as resolucións do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos só afectan aos Estados e non aos particulares.

**11 – Para o coñecemento de cal dos seguintes asuntos será competente a Sección de Instrución do Tribunal Central de Instancia?**

a) Para a execución das sentenzas ditadas en causas por delito grave pola propia Sección.
b) Para o coñecemento dos procedementos de comiso autónomo polos delitos para cuxo coñecemento sexa competente a Sección do Penal do Tribunal Central de Instancia.
c) Para a tramitación dos expedientes de execución das ordes europeas de detención e entrega.
d) Para o coñecemento das causas que lle atribúa a lexislación reguladora da responsabilidade penal dos menores.

**12 – Raúl traslada ao profesional da avogacía que o asiste o seu interese en interpoñer recurso de amparo constitucional, por considerar que un acto dun órgano xudicial, nun procedemento xudicial en que foi parte, lesionou o seu dereito fundamental á tutela xudicial efectiva. Que requisito debe cumprirse, necesariamente, para que a violación dun dereito fundamental, que tivese a súa orixe inmediata e directa nun acto dun órgano xudicial, poida dar lugar ao recurso de amparo?**

a) Que non se esgotasen todos os medios de impugnación previstos polas normas procesuais para o caso concreto dentro da vía xudicial.
b) Que se denunciase formalmente no proceso, se houbo oportunidade, a vulneración do dereito constitucional tan pronto como, unha vez coñecida, houbese lugar.
c) Que a violación sexa imputable aos feitos que deron lugar ao proceso en que aquela se produciu, debendo o Tribunal Constitucional entrar a coñecer sobre tales feitos.
d) Que se interpoña no prazo de dous meses, a partir da notificación da resolución recaída no proceso xudicial.

**13 – En que lugares existirá unha Oficina de Xustiza no municipio?**

a) En cada municipio en que teña a súa sede un Tribunal de Instancia.
b) En cada municipio onde non teña a súa sede un Tribunal de Instancia.
c) En cada municipio, teña ou non a súa sede un Tribunal de Instancia.
d) Na Vila de Madrid.

**14 – De cal dos seguintes feitos, cometido por un estranxeiro fóra do territorio nacional, coñecerá a xurisdición española?**

a) Dos feitos susceptibles de tipificarse, segundo a lei penal española, como delito de atentado contra os funcionarios públicos españois.
b) En ningún caso a xurisdición española pode coñecer de feitos cometidos por un estranxeiro fóra do territorial nacional.
c) Dos feitos susceptibles de tipificarse, segundo a lei española, como delito de asasinato.
d) Daqueles nos que a vítima do delito tivese nacionalidade española.

**15 – Juan participou, na súa condición de profesional da avogacía, nun proceso de negociación previo á vía xurisdicional como requisito de procedibilidade. Posteriormente, mediante resolución xudicial motivada, unha xuíza da orde xurisdicional penal esíxelle a achega da documentación derivada do proceso de negociación no que interveu. Debe Juan achegar tal documentación?**

a) En ningún caso. O proceso de negociación e a documentación utilizada nel son confidenciais e Juan non pode crebar tal deber de confidencialidade.
b) Si, Juan está facultado para achegar tal documentación e iso non porque fose solicitado por un xuíz, senón porque o deber de confidencialidade se estende ao proceso xudicial pero non á negociación previa.
c) Unicamente cando a persoa á que asiste lle dispensase expresamente e por escrito do deber de confidencialidade.
d) Si, a prohibición de achegar documentación derivada do proceso de negociación atopa unha excepción cando, mediante resolución xudicial motivada, sexa solicitada polos xuíces e xuízas da orde xurisdicional penal.

**16 – Paz ten intención de formular demanda ante a orde xurisdicional civil nun proceso declarativo para o que se esixe actividade negociadora previa á vía xurisdicional. Vai utilizar, como medio adecuado de solución de controversias en vía non xurisdicional, a formulación de oferta vinculante. É preceptiva a asistencia letrada?**

a) Si, salvo que a contía do asunto controvertido non supere os 2.000 euros ou que unha lei sectorial non esixa a intervención de letrado ou letrada para a realización ou aceptación da oferta.
b) Non, a asistencia letrada unicamente é preceptiva cando se utilice como medio adecuado de solución de controversias a conciliación privada, excepto cando a contía do asunto controvertido non supere os 6.000 euros.
c) Si, con independencia do medio adecuado utilizado, xa que en todos os medios adecuados de solución de controversias en vía non xurisdicional é preceptiva a asistencia letrada ás partes.
d) Non, xa que en ningún dos medios adecuados de solución de controversias en vía non xurisdicional é preceptiva a asistencia letrada ás partes e iso sen prexuízo de que as partes poidan acudir a calquera dos medios adecuados de solución de controversias asistidas de profesional da avogacía.

**17 – Cal das seguintes afirmacións se corresponde co contido do dereito de defensa?**

a) O dereito á defensa limítase á prestación de asistencia letrada ou asesoramento en dereito e a defensa dos intereses lexítimos da persoa a través dos procedementos previstos legalmente e non se estende ao asesoramento previo ao eventual inicio destes procedementos.
b) O contido do dereito á defensa nas causas penais non se pode facer extensible, en ningún caso, ao procedemento administrativo sancionador e ao procedemento disciplinario.
c) O exercicio do dereito á defensa non queda suxeito a procedemento legal.
d) Calquera dúbida sobre a interpretación e alcance do exercicio do dereito á defensa resolverase do modo máis favorable ao exercicio do dereito.

**18 – A Mónica foille recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta. Desígnase, por iso, avogado de oficio. Sendo precisa a representación de profesional da procuradoría, Mónica vai ser representada por un procurador de libre elección. Este procurador renuncia por escrito a percibir os seus honorarios ante Mónica e ante o Colexio no que está inscrito. É posible, neste caso, que actúen simultaneamente un profesional da avogacía de oficio e un profesional da procuradoría libremente elixido?**

a) Si.

b) Non, en ningún caso poden actuar simultaneamente un avogado de oficio e un procurador libremente elixido.
c) Non, poderían actuar simultaneamente un procurador de oficio e un avogado libremente elixido, pero nunca ao contrario.
d) Si, sendo para o efecto indiferente a renuncia para percibir honorarios pois, en todo caso, poden actuar simultaneamente un avogado de oficio e un procurador libremente elixido.

**19 – Como se establece a sede das Seccións de Vixilancia Penitenciaria dos Tribunais de Instancia?**

a) Non existen as Seccións de Vixilancia Penitenciaria nos Tribunais de Instancia.
b) Establécea o Goberno, oída previamente a Comunidade Autónoma afectada e o Consello Xeral do Poder Xudicial.
c) Terán necesariamente a súa sede na capital do partido que se sinale pola lei da correspondente Comunidade Autónoma.
d) Establécea o Consello Xeral do Poder Xudicial, oído o Ministerio ou a Comunidade Autónoma con competencias transferidas na materia.

**20 – Cal dos seguintes requisitos é, en todo caso, necesario para que a xurisdición española coñeza dun delito cometido fóra do territorio nacional cando o criminalmente responsable fose español e non se trate dalgún dos delitos para cuxo coñecemento a xurisdición española é sempre competente?**

a) Que o agraviado ou o Ministerio Fiscal interpoñan querela ante os Tribunais españois.
b) Que o feito non sexa punible no lugar de execución, se fose punible en tal lugar corresponderá, en todo caso, o seu coñecemento aos Tribunais do Estado de execución.
c) Que o responsable fose absolto no estranxeiro.
d) Que en caso de ser condenado o responsable no estranxeiro cumprise a condena.

**21 – En relación coa execución de sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, cal das seguintes afirmacións é correcta?**

a) Poden ser executadas pola Sala, a Gran Sala ou o Pleno, segundo quen as ditase.
b) Serán executadas pola Sala de execución, con independencia de se foron ditadas pola Gran Sala ou o Pleno.
c) O Convenio prevé que as Altas Partes contratantes se comprometan a acatar as sentenzas definitivas do Tribunal nos litixios que sexan parte, e carece o Tribunal de competencia para a súa execución.
d) O Convenio unicamente prevé que todos os Estados se comprometan a acatar as sentenzas definitivas do tribunal en calquera tipo de litixio, aínda que non fosen parte nel.

**22 – No noso ordenamento xurídico interno, como é posible solicitar a tutela dos dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución?**

a) Ante os Tribunais ordinarios por un procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade e, de ser o caso, a través do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.
b) A única vía para a tutela dos dereitos fundamentais é o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.
c) Ante o Tribunal Supremo, a través do recurso de casación ou, de ser o caso, a través do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.
d) c

**23 – Na orde contencioso-administrativa, en que suposto será competente, en todo caso, a xurisdición española?**

a) A competencia exclusiva limítase a aqueles supostos nos que a pretensión que se deduza se refira a disposicións de carácter xeral das Administracións Públicas españolas.
b) Cando a pretensión que se deduza se refira a actos das Administracións Públicas españolas, sen estenderse a aqueles supostos nos que a pretensión se refira a disposicións de carácter xeral de tales Administracións.
c) Cando a pretensión que se deduza se refira a disposicións de carácter xeral ou a actos das Administracións Públicas españolas ou sexan relativas a actos dos poderes públicos españois, de acordo co que dispoñan as leis.
d) Non existe competencia exclusiva da xurisdición española na orde contencioso-administrativa, dependendo esta do domicilio do recorrente.

**24 – Interposto un recurso de apelación ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, este é rexeitado totalmente en sentenza. A que parte se lle impoñerán as custas?**

a) Ao recorrente, salvo que o órgano xurisdicional, razoándoo debidamente, aprecie a concorrencia de circunstancias que xustifiquen a súa non imposición.
b) Ao recorrente, sen que o órgano xurisdicional poida exceptuar esta imposición en ningún caso.
c) Non haberá imposición de custas ao tratarse dun recurso de apelación na orde xurisdicional contencioso-administrativa.
d) Ao recorrente unicamente se se lle condenou en custas en instancia, vinculando tal pronunciamento ao órgano xurisdicional que resolve o recurso de apelación.

**25 – Tras un proceso de dereito colaborativo, que deben facer os profesionais da avogacía que interviñesen nel?**

a) Emitir unha certificación acreditativa do proceso intentado.
b) Redactar unha acta final pola que se faga constar as partes, profesionais intervenientes, sesións levadas a cabo, así como os acordos adoptados e as cuestións sobre as que non fose posible alcanzar un acordo entre as partes.
c) As obrigacións dos profesionais da avogacía que interviñesen no proceso de dereito colaborativo limítanse ao propio proceso, sen que teñan obrigacións unha vez celebrado este.
d) Non é posible que os profesionais da avogacía interveñan nun proceso de dereito colaborativo.

**26 – Emilia, residente en Madrid, atópase colexiada como profesional da avogacía exercente no Ilustre Colexio de Avogados de Madrid. Pretende actuar profesionalmente no ámbito territorial do Ilustre Colexio de Avogados de Huelva. Esíxenlle para iso habilitarse como colexiada no ámbito territorial deste último colexio. É conforme a Dereito tal esixencia?**

a) Non, para actuar profesionalmente no ámbito territorial de calquera colexio distinto ao que estiver incorporado, non poderá esixirse ao profesional da avogacía habilitación ningunha.
b) Non, pois existe un convenio entre ambos os colexios de avogados que faculta a posibilidade de que os colexiados nun ou noutro actúen profesionalmente nos seus respectivos ámbitos territoriais.
c) Non, cabería esixir pago de contraprestación adicional pero non de habilitación.
d) Si, para actuar profesionalmente no ámbito territorial de calquera colexio distinto daquel ao que estivese incorporado poderá esixirse ao profesional da avogacía unha habilitación adicional.

**27 – Pode levar a cabo un profesional da avogacía o tratamento de datos referidos a condenas que teñan por obxecto recoller a información facilitada polo seu cliente para o exercicio das súas funcións?**

a) Non. O tratamento de datos persoais relativos a condenas unicamente poderá levarse a cabo cando se atope amparado nunha norma de Dereito da Unión, que non recolle entre os seus supostos o tratamento de datos levado a cabo por un profesional da avogacía para o exercicio das súas funcións.
b) Si. O tratamento de datos referido a condenas será posible cando sexa levado a cabo por profesionais da avogacía e teñan por obxecto recoller a información facilitada polos seus clientes para o exercicio das súas funcións.
c) Non. O profesional da avogacía poderá levar a cabo o tratamento de datos referido a procedementos e medidas cautelares e de seguridade conexas, pero non a condenas.
d) Non. A normativa de protección de datos non admite en ningún caso o tratamento de datos referido a condenas, así como tampouco a procedementos e medidas cautelares e de seguridade conexas.

**28 – En relación co exercicio da avogacía por conta propia en réxime de colaboración profesional, cal das seguintes afirmacións é correcta?**

a) O exercicio da avogacía por conta propia en réxime de colaboración profesional deberá pactarse por escrito.
b) O profesional da avogacía colaborador, que actuará con plena independencia e liberdade, non necesita coñecer a identidade do cliente.
c) Ten por obxecto a prestación de servizos conxuntos, entre os que deberán incluírse necesariamente servizos xurídicos que se complementen cos das outras profesións.
d) Rexerase polo disposto na lexislación reguladora das sociedades profesionais.

**29 – Telmo exerce individualmente a avogacía por conta propia como titular dun despacho. Ante a súa imposibilidade, delega no seu compañeiro Coque as actuacións profesionais requiridas por un cliente do despacho. O cliente non aboa os honorarios debidos. Coque solicita a Telmo que lle aboe tales honorarios polas actuacións profesionais que lle delegou, pero Telmo respóndelle que, non pactando nada ao respecto, non lle corresponde responder persoalmente de tales honorarios debidos. Ten razón Telmo?**

a) Si. O titular do despacho unicamente responderá dos honorarios debidos ao profesional da avogacía no que delegue actuacións se así o pactasen por escrito.
b) Non. O titular do despacho responderá persoalmente dos honorarios debidos ao profesional da avogacía no que delegue actuacións, aínda o caso de que o cliente deixase de aboarllos, salvo pacto escrito en contrario.
c) Si. O titular do despacho responderá dos honorarios debidos ao profesional da avogacía no que delegue actuacións, pero esta obriga non se estende a aqueles supostos nos que o cliente deixase de aboarllos.
d) Non. Telmo ten razón en que non debe responder de tales honorarios debidos, pero equivócase ao referir que iso se debe á falta de pacto pois non é posible convir sobre o aboamento de honorarios que sempre se axustará á lei.

**30 – En cal dos seguintes supostos se presumirá que existe exercicio colectivo da profesión de avogacía?**

a) Cando o exercicio da actividade se desenvolva publicamente, sen constituírse en sociedade profesional, baixo unha denominación común.
b) Cando o profesional da avogacía titular dun despacho comparta local con outro profesional da avogacía, aínda cando manteñan a independencia dos seus despachos e non se identifiquen conxuntamente ante os clientes.
c) Cando o profesional da avogacía titular dun despacho concerte un acordo de colaboración para un determinado asunto con outro profesional da avogacía.
d) En ningún caso se presume o exercicio colectivo da profesión de avogacía.

**31 – Catalina, profesional da avogacía, actúa nun procedemento xudicial asistindo a un cliente, como demandante. A parte contraria, demandada, conta igualmente con asistencia letrada. Pode Catalina telefonar directamente a persoa demandada para falar dunha cuestión referente ao preito en curso en lugar de ao profesional da avogacía que a asiste?**

a) Si. Catalina pode dirixirse, indistintamente, á parte contraria ou ao profesional da avogacía que asiste a esta.
b) Non. Catalina non poderá entrar en contacto directo coa parte contraria e só poderase relacionar con ela a través do seu profesional da avogacía, salvo que este o autorice expresamente.
c) Si. Catalina debe dirixirse á parte contraria directamente, pois as relacións co seu profesional da avogacía deben limitarse ás actuacións que leven a cabo ante o órgano xudicial.
d) Non. Catalina non poderá entrar en contacto directo coa parte contraria, debendo unicamente relacionarse con ela a través do seu avogado, sen que este poida autorizar o contacto directo co seu cliente.

**32 – O Consello Xeral da Avogacía vai adoptar un acordo do que poden derivarse repercusións económicas extraorzamentarias para os colexios da avogacía. Pode o acordo ser aprobado por maioría simple entre os conselleiros presentes ou representados?**

a) Si. Non atopándonos ante a aprobación dunha modificación do Estatuto xeral da avogacía nin do Regulamento de réxime interior do Consello Xeral da Avogacía, bastará a maioría simple.
b) Si. Poderá ser aprobado por maioría simple salvo que calquera conselleiro decano solicitase, previamente ao comezo da votación, que se aplique o réxime da maioría reforzada.
c) Non. Todos os acordos do Consello Xeral da Avogacía deben ser aprobados por maioría reforzada, con independencia da materia sobre a que se adopten.
d) Non. Atopámonos ante un asunto ao que se aplicará necesariamente o réxime da maioría reforzada.

**33 – Cayetana, profesional da avogacía, é sancionada por cometer unha infracción consistente no encubrimento da intrusión profesional. Impónselle como sanción a suspensión do exercicio da avogacía por prazo de quince meses. Cando prescribirá a sanción?**

a) Aos tres anos contados desde o día seguinte a aquel en que poida ser executada.
b) Aos dous anos contados desde o día seguinte a aquel en que poida ser executada.
c) Ao ano contado desde o día seguinte a aquel en que poida ser executada.
d) Aos seis meses contados desde o día seguinte a aquel en que poida ser executada.

**34 – Pablo incorreu en falta de pagamento de doce mensualidades da cota obrigatoria do colexio de avogados no que se atopa colexiado como exercente, estando obrigado ao pago. A que órgano corresponde acordar a perda de condición de colexiado de Pablo?**

a) Á Xunta de Goberno do Colexio mediante resolución motivada.
b) Ao Consello Xeral da Avogacía.
c) Ao Consello Autonómico e, na súa falta, ao Consello Xeral da Avogacía.
d) A falta de pagamento de doce mensualidades da cota obrigatoria non pode dar lugar á perda de condición de colexiado que unicamente se producirá por sanción de expulsión do colexio acordada por resolución firme en expediente disciplinario.

**35 – Unha sociedade profesional para o exercicio da avogacía foi sancionada con multa pecuniaria de 1.000 euros. Cando poderá cancelarse, a pedimento da sociedade sancionada, a anotación da sanción no seu expediente particular?**

a) A anotación da sanción no seu expediente particular non se cancelará con independencia do prazo transcorrido, permanecendo neste ata a súa disolución.
b) Transcorridos seis meses desde o día seguinte ao cumprimento da sanción.
c) Transcorrido un ano desde o día seguinte ao cumprimento da sanción.
d) A cancelación da anotación producirase transcorrido un ano desde o día seguinte ao cumprimento da sanción, pero sempre de oficio nunca a pedimento de parte.

**36 – Eugenia foi sancionada disciplinariamente coa expulsión do colexio da avogacía no que se atopaba colexiada. Transcorridos cinco anos desde que a sanción de expulsión foi executada solicita á Xunta de Goberno do colexio que impuxo a sanción de expulsión a rehabilitación para o exercicio da profesión. Que circunstancia debe valorar a Xunta de Goberno para resolver sobre a dita solicitude?**

a) Os antecedentes penais anteriores á sanción de expulsión.
b) Os antecedentes penais posteriores á sanción de expulsión.
c) O seu historial de éxito no exercicio da profesión con carácter previo á expulsión.
d) As denuncias ou queixas recibidas con posterioridade á expulsión, aínda cando estivesen prescritos os feitos aos que se refiran.

**37 – Aurora, profesional da avogacía, leva colexiada un ano e decide publicitar os seus servizos utilizando o seguinte slogan: "Tes problemas co teu xefe? Denúnciao xa e consegue unha grande indemnización". É adecuada esta publicidade aos principios que rexen a profesión da avogacía?**

a) Non, por incorrer en incitación ao preito.
b) Non, por mencionar actividades incompatibles co exercicio da avogacía.
c) Si, sempre que non utilice emblemas ou símbolos institucionais ou colexiais.
d) Si, existe plena liberdade na publicidade, pero Aurora non pode publicitar os seus servizos ata que leve dous anos colexiada.

**38 – Poden os decanos dos colexios da avogacía asistir á práctica do rexistro que se realice no despacho profesional dun profesional da avogacía para velar pola salvagarda do segredo profesional e porque o rexistro se limite exclusivamente á investigación do ilícito polo que foron acordados?**

a) Si, asistirán en todo caso sen necesidade de que o solicite o profesional da avogacía interesado.
b) Non, non é función dos decanos dos colexios da avogacía asistir a tal práctica.
c) Non, é ao presidente do Consello Xeral da Avogacía Española a quen corresponde tal asistencia.
d) Si, cando o solicite o interesado asistirán os decanos dos colexios, os que estatutariamente os substitúan ou os que para tal fin foron designados polo decano.

**39 – Elías, profesional da avogacía que asiste a un cliente nun proceso civil, é informado por este de que a testemuña clave no preito vai trasladar a súa residencia ao estranxeiro proximamente. Elías considera que este traslado pode supoñer que a testemuña non poida comparecer no período ordinario de proba. Que estratexia procesual debe seguir para asegurar a declaración da testemuña clave?**

a) Solicitar a práctica de proba anticipada.
b) Formular reconvención fronte á testemuña, garantindo así a súa declaración.
c) Formular un incidente de nulidade de actuacións que proceda a paralizar o proceso.
d) Acumular varias accións garantindo así que se adiante a vista.

**40 – Cal das seguintes infraccións cometidas por un profesional da avogacía constitúe unha infracción moi grave?**

a) A renuncia ou o abandono da defensa que lle fora confiada cando se cause indefensión ao cliente.
b) O incumprimento dos compromisos formalizados entre compañeiros no exercicio das súas funcións profesionais.
c) A indución inxustificada ao cliente a non aboar os honorarios devindicados por un compañeiro en caso de cambio de profesional da avogacía.
d) A falsa atribución dun encargo profesional.

**41 – No exercicio colectivo da avogacía en forma non societaria, como responderán civilmente os profesionais da avogacía que interviñesen nun asunto fronte ao cliente?**

a) Responderán persoalmente con carácter mancomunado, repartíndose entre todos eles, de maneira proporcional á súa intervención, a responsabilidade.
b) Unicamente responderá o despacho colectivo, sen responsabilidade persoal dos profesionais da avogacía que interviñesen no asunto.
c) Todos os profesionais da avogacía que interviñesen responderán fronte ao cliente con carácter persoal, solidario e ilimitado.
d) Responderán mancomunada ou solidariamente segundo a natureza da responsabilidade.

**42 – Gaspar, profesional da avogacía, atópase intervindo nun procedemento administrativo e o seu cliente requírelle copia dos escritos que presentou. Debe Gaspar facilitar tal documentación?**

a) Si, sempre que así o pactasen por escrito.
b) Non, a obriga de proporcionar copia existe no procedemento xudicial pero non no procedemento administrativo.
c) Non, o profesional da avogacía está obrigado a proporcionar copia das resolucións que lle sexan notificadas e dos escritos recibidos, pero non dos presentados.
d) Si.

**43 – Cal é o límite temporal para promover un conflito de competencia negativo entre órganos de distinta orde xurisdicional?**

a) Mentres o proceso non concluíse por sentenza firme, salvo que o conflito se refira á execución da decisión, de oficio ou a instancia de parte ou do Ministerio Fiscal.
b) Antes de que se formule o trámite de contestación á demanda e sempre de oficio.
c) Mentres que non fose ditada sentenza, de oficio ou a instancia de parte ou do Ministerio Fiscal.
d) Mentres non fose ditada sentenza, cando se promova de oficio, e antes da celebración da vista se se promove a instancia de parte ou do Ministerio Fiscal.

**44 – A que órgano corresponde resolver do conflito de xurisdición que xorda entre unha Sección do Contencioso-administrativo dun Tribunal de Instancia e un Tribunal militar territorial?**

a) Á Sala de Conflitos de xurisdición.
b) A unha Sala especial do Tribunal Supremo, presidida polo presidente e composta por dous maxistrados designados anualmente.
c) Ao pleno do Tribunal Supremo.
d) Á Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza en cuxa sede teñan circunscrición os órganos en conflito.

**45 – En relación coas cuestións de competencia, cal das seguintes afirmacións é correcta?**

a) Non poderán suscitarse cuestións de competencia entre xuíces e tribunais subordinados entre si.
b) As cuestións de competencia entre órganos dunha mesma orde xurisdicional resolveranse por unha Sala especial do Tribunal Supremo, a Sala de conflitos de competencia.
c) Na resolución na que se declare a falta de competencia non se expresará o órgano que se considere competente.
d) As cuestións de competencia suscítanse entre xuíces e tribunais subordinados entre si.

**46 – Conforme ao Estatuto xeral da avogacía española, cales son os requisitos imprescindibles para o exercicio da avogacía?**

a) O título oficial que habilite para o exercicio da profesión da avogacía e a incorporación ao colexio do domicilio profesional, único ou principal.
b) Unicamente dispoñer do título que habilite para o exercicio da profesión da avogacía, sendo a incorporación ao colexio accesoria a tal titulación.
c) Exclusivamente, a colexiación como exercente.
d) O único requisito imprescindible para o exercicio da avogacía é ser unha persoa de recoñecida honorabilidade.

**47 – Conforme ao Estatuto xeral da avogacía española, cal das seguintes causas, en defecto doutra regulación específica, poderá dar lugar ao cesamento dun membro da Xunta de Goberno dun colexio da avogacía?**

a) Falta de asistencia inxustificada a dúas sesións consecutivas da Xunta de Goberno.
b) Falta inicial non coñecida dos requisitos estatutarios e de capacidade para desempeñar o cargo.
c) Falta de asistencia inxustificada a tres sesións alternas da Xunta de Goberno no termo dun ano.
d) Falta de superación do test psicotécnico ao que, cada ano, se someterán preceptivamente os membros da Xunta de Goberno de cada colexio da avogacía.

**48 – O Ilustre Colexio da Avogacía de Cáceres recibiu un escrito denunciando a presunta conduta dun dos colexiados, debidamente identificado, consistente na retención de documentación dun cliente contra as súas expresas instrucións. Pode o órgano competente, con anterioridade ao acordo de iniciación do procedemento sancionador, abrir un período de información previa?**

a) Si, pode facelo, co fin de determinar se procede ou non iniciar procedemento sancionador.
b) Si, debe facelo. Non é posible iniciar un procedemento sancionador sen previamente abrir un período de información previa co fin de determinar se procede ou non iniciar o procedemento.
c) Non, non é posible abrir un período de información previa con anterioridade á apertura do procedemento sancionador mediante o acordo de iniciación.
d) Non, a conduta denunciada non é susceptible de constituír infracción polo que o órgano competente, deberá, en todo caso, arquivar esta sen iniciar procedemento sancionador nin abrir período de información previa.

**49 – Unha sociedade profesional para o exercicio da avogacía carece de seguro en vigor ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade na que poida incorrer no exercicio das súas actividades. A obriga de contar co dito réxime de garantía está prevista por lei. Incorre a sociedade profesional na mesma responsabilidade na que incorrería un profesional da avogacía, persoa física, que non contratase un seguro ou garantía cando a obriga de contar con este para cubrir as responsabilidades por razón do exercicio profesional estea prevista por lei?**

a) Si, a falta de seguro en vigor ou garantía equivalente atópase tipificada, tanto para a sociedade profesional como para o profesional da avogacía, como infracción moi grave.
b) Si, a falta de seguro en vigor ou garantía equivalente atópase tipificada, tanto para a sociedade profesional como para o profesional da avogacía, como infracción grave.
c) Non. A falta de seguro ou garantía equivalente atópase tipificada como infracción moi grave cando a súa ausencia se advirta nunha sociedade profesional, mentres que para o profesional da avogacía non se atopa tipificada a conduta consistente en falta de contratación de seguro ou garantía cando a obriga de contar con este para cubrir as responsabilidades por razón do exercicio profesional estea prevista por lei.
d) Non, a sociedade profesional poderá ser sancionada por infracción moi grave e o profesional da avogacía por infracción grave.

**50 – David, profesional da avogacía, publicita os seus servizos profesionais mediante publicidade que supón a revelación indirecta de feitos amparados polo segredo profesional. Pode ser sancionado David?**

a) Si, a conduta de David, como profesional da avogacía, constitúe unha infracción moi grave.
b) Non, a publicidade non é válida e deberá proceder ao cesamento nesta pero non se prevé a posibilidade de que, por iso, sexa sancionado.
c) Non, a publicidade é válida por non supoñer a revelación directa de feitos amparados polo segredo profesional.
d) Si, a conduta de David, como profesional da avogacía, constitúe unha infracción grave.

**Preguntas de reserva**

**1 – Cal dos seguintes conceptos ten a consideración de custas procesuais?**

a) Depósitos necesarios para a presentación de recursos.
b) Dereitos arancelarios que deban aboarse como consecuencia de actuacións facultativas para o desenvolvemento do proceso.
c) Certificacións que reclame o tribunal a rexistros públicos.
d) O importe da taxa aboada nos procesos de execución das hipotecas constituídas para a adquisición de vivenda habitual.

**2 – Ana, profesional da avogacía, incorre en causa de incompatibilidade para o seu exercicio, razón esta que a leva a cesar no exercicio da actividade da avogacía. En que prazo debe formalizar a súa baixa como exercente?**

a) No prazo máximo de quince días.
b) No prazo máximo de cinco días.
c) No prazo máximo dun mes.
d) Cesando na actividade da avogacía, a formalización de baixa como exercente non se atopa suxeita a prazo.

**3 – Transcorrido o prazo de dez días sen ser impugnada a taxación de custas practicada, o letrado da Administración de Xustiza apróbaa mediante decreto. Notificado o decreto, o demandado manifesta ao profesional da avogacía o seu interese en recorrer o mesmo. Que recurso cabe interpoñer fronte a tal decreto?**

a) Recurso directo de revisión.
b) Recurso de reposición.
c) Non cabe recurso algún.
d) Recurso contencioso-administrativo.

**4 – Nicolás foi parte nun proceso xudicial e considera que a sentenza que pon fin a este, notificada hai dous días e que non é susceptible de recurso ordinario nin extraordinario, vulnerou o seu dereito fundamental á tutela xudicial efectiva. O profesional da avogacía que o asiste verifica que tal vulneración non puido denunciarse antes de recaer a resolución que puxo fin ao proceso. Que actuación pode levar a cabo no seo deste procedemento**?

a) É posible solicitar, por escrito, que se declare a nulidade de actuacións.
b) Poderase interpoñer recurso de revisión ante o Tribunal Supremo.

c) Non sendo susceptible de recurso ordinario nin extraordinario non é posible levar a cabo ningunha actuación neste procedemento, sen prexuízo da posibilidade de recorrer en amparo ante o Tribunal Constitucional.
d) Non sendo susceptible de recurso ordinario nin extraordinario non é posible levar a cabo ningunha actuación neste procedemento, sen prexuízo da posibilidade de acudir ao Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos.

**5 – Asociados dous profesionais da avogacía, en réxime de colaboración multiprofesional, con outros dous profesionais liberais non incompatibles, para a prestación de servizos conxuntos entre os que se inclúen servizos xurídicos que se complementan cos das outras profesións, advírtese que un destes profesionais liberais non incompatibles incumpriu as normas sobre prohibicións propias da avogacía. Que deben facer os profesionais da avogacía?**

a) Deberán separarse.
b) Non teñen obriga de separarse, pero deberán poñelo en coñecemento do colexio da avogacía no que se atopen colexiados.
c) Poden continuar na agrupación, pois a obriga de separarse unicamente existiría se fose un dos profesionais da avogacía o que incumprise tales prohibicións.
d) Poden continuar na agrupación sempre que denuncien ao Consello Xeral da Avogacía a actuación destes profesionais liberais.

**6 – Que efecto ten, en Dereito, a realización dun acto que, pola intención do seu autor, exceder manifestamente os límites normais do exercicio dun dereito, con dano para terceiros?**

a) Considérase erro de dereito e producirá unicamente aqueles efectos que as leis determinen.
b) Considerarase executado en fraude de lei e non impedirá a debida aplicación da norma que tal intención tratase de eludir.
c) Dará lugar á adopción de medidas xudiciais ou administrativas que impidan a persistencia no abuso, sen xerar dereito a indemnización.
d) Dará lugar á correspondente indemnización e á adopción das medidas xudiciais ou administrativas que impidan a persistencia no abuso.

## B. MATERIAS ESPECÍFICAS

### ESPECIALIDADE XURÍDICA EN CIVIL- MERCANTIL

**1 – Andrea, avogada en exercicio, quere interpoñer un proceso xudicial que ten por obxecto o exercicio de accións de reclamación de devolución das cantidades indebidamente satisfeitas polo consumidor en aplicación de determinadas cláusulas chan. Deberá acompañar a demanda con algún documento para que sexa admitida?**

a) Non, este tipo de demandas deberán admitirse sempre, con independencia dos documentos que achegase a parte demandante.
b) Si, deberá acompañar á demanda documento que xustifique ter practicado o consumidor unha reclamación previa extraxudicial á persoa física ou xurídica que realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos de maneira profesional, co fin de que recoñeza expresamente o carácter abusivo das ditas cláusulas, coa consecuente devolución das cantidades indebidamente satisfeitas polo consumidor.
c) Si, deberá acompañar á demanda documento que xustifique practicar o consumidor o test de idoneidade co banco para acreditar a súa condición de consumidor experto, co fin de que se recoñeza expresamente o carácter abusivo das ditas cláusulas.
d) Si, deberá acompañar á demanda documento que xustifique practicar a consumidor reclamación administrativa previa ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou ante o Banco de España, e o documento xustificativo de ter intentado as dilixencias preliminares previstas no artigo 256 da Lei de axuizamento civil.

**2 – Ginés, avogado de Pamela, presentou unha demanda de execución xudicial contra Filomena. Durante a execución, as partes deciden someterse a mediación para liquidaren as súas controversias. De que prazo dispoñen as partes para someter o proceso de execución a mediación?**

a) As partes poderán someterse a mediación ou a calquera outro dos medios adecuados de solución de controversias no prazo dos cinco días seguintes á notificación ao executado da demanda executiva.
b) As partes poderán someterse a mediación ou a calquera outro dos medios adecuados de solución de controversias no prazo dos dez días seguintes á notificación ao executado da demanda executiva.
c) As partes poderán someterse a mediación ou a calquera outro dos medios adecuados de solución de controversias no prazo dos trinta días seguintes á notificación ao executado da demanda executiva.
d) As partes poderán someterse a mediación ou a calquera outro dos medios adecuados de solución de controversias en calquera momento do proceso de execución.

**3 – Elena, letrada da Administración de Xustiza, quere expoñer ás partes a posibilidade de derivar o litixio a mediación ou a outro medio adecuado de solución de controversias, ao considerar que concorren circunstancias que posibilitan unha solución do conflito no dito ámbito. Ata que momento dispoñerá Elena para formular esta posibilidade?**

a) En calquera momento do procedemento.
b) Ata cinco días antes do sinalado para a celebración da vista.
c) Ata dez días antes do sinalado para a celebración da vista.
d) Ata vinte días antes do sinalado para a celebración da vista.

**4 – Gustavo edificou unha casa e sementou dous limoeiros, de mala fe, nun terreo propiedade de Adelina. Ten algún dereito Gustavo sobre o edificado, plantado ou sementado na propiedade de Adelina?**

a) Gustavo adquirirá o edificado, plantado ou sementado, pero indemnizando a Adelina.
b) Gustavo adquirirá o edificado, plantado ou sementado, sen que teña que indemnizar a Adelina.
c) Gustavo perderá o edificado, plantado ou sementado, sen dereito a indemnización.
d) Gustavo perderá o edificado, plantado ou sementado, pero con dereito a indemnización.

**5 – Encarna, maxistrada que está a coñecer dun proceso civil, ditou sentenza oral nun proceso verbal. Ana, avogada da parte demandada, ten intención de recorrer contra a sentenza. Cando empezará a contar o prazo para recorrer contra a sentenza?**

a) O prazo para recorrer comezará a contar desde a notificación da resolución debidamente redactada.
b) O prazo para recorrer comezará a contar desde que se ditou a viva voz a resolución no proceso verbal.
c) O prazo para recorrer comezará a contar desde que o letrado da Administración de Xustiza dese copia da acta da vista, aínda que non se dese copia da gravación.
d) O prazo para recorrer comezará a contar desde a notificación ao Ministerio Fiscal da acta sucinta na que conste o pronunciamento ditado polo maxistrado ou maxistrada.

**6 – Susana, avogada en exercicio, quere interpoñer recurso contra a cualificación do rexistrador do Rexistro Mercantil que atribúe ao título un defecto que impide a súa inscrición. Poderá Susana interpoñer algún recurso contra esta cualificación?**

a) Contra a cualificación que atribúa ao título algún defecto que impida a súa inscrición poderán os interesados interpoñer recurso de suplicación.
b) Contra a cualificación que atribúa ao título algún defecto que impida a súa inscrición poderán os interesados interpoñer recurso de reposición.
c) Contra a cualificación que atribúa ao título algún defecto que impida a súa inscrición poderán os interesados interpoñer recurso gobernativo.
d) Contra a cualificación que atribúa ao título algún defecto que impida a súa inscrición non poderán os interesados interpoñer recurso ningún.

**7 – Sebastián, procurador dos tribunais, quere realizar actividades materiais propias da execución do procedemento civil no que intervén. É necesario que as ditas actividades sexan expresamente delegadas polo órgano xudicial?**

a) Poderá realizar as actividades materiais propias da execución que lle foran expresamente delegadas polo letrado ou letrada da Administración de Xustiza, cos límites e nos supostos establecidos.
b) Poderá realizar as actividades materiais propias da execución que lle foran expresamente delegadas polo xuíz, xuíza ou tribunal, cos límites e nos supostos establecidos.
c) Poderá realizar as actividades materiais propias da execución que lle foran expresamente delegadas polo avogado ou avogada directores do procedemento, cos límites e nos supostos establecidos.
d) Poderá realizar as actividades materiais propias da execución sen que fosen expresamente delegadas, en ningún caso, pola autoridade xudicial.

**8 – Josefa, avogada de Segismundo, solicitou na audiencia previa do xuízo ordinario, que se remita comisión rogatoria para emprazar o demandado, Joseph, en Ruanda, o cal non fala castelán. Poderá remitirse toda a documentación do emprazamento na comisión rogatoria en castelán?**

a) Os documentos obxecto de notificación ou traslado ao estranxeiro remitidos por España como consecuencia dunha comisión rogatoria nunca serán obxecto de tradución á lingua oficial do Estado requirido, con independencia de se o destinatario coñece ou non o castelán.
b) Sen prexuízo do que poida esixir a lei do Estado de destino, os documentos obxecto de notificación ou traslado ao estranxeiro deberán acompañarse sempre dunha tradución ao francés, italiano e inglés, con independencia do Estado de destino.
c) Sen prexuízo do que poida esixir a lei do Estado de destino, os documentos obxecto de notificación ou traslado ao estranxeiro deberán acompañarse dunha tradución á lingua oficial do Estado de destino ou a unha lingua que o destinatario entenda.
d) Conforme o establecido na lexislación española, nunca se poderá realizar un acto de notificación e traslado de documentos a Ruanda, mediante comisión rogatoria, para facer o emprazamento do demandado nun procedemento civil.

**9 – Dimitri, de nacionalidade ucraína e residente en Suíza, e ao servizo das Forzas Armadas españolas, faleceu durante unha misión ou operación na República do Congo. O sistema rexistral desta República africana non permite practicar a pertinente inscrición do falecemento de Dimitri. Poderá inscribirse o falecemento en España?**

a) Si, poderá inscribirse na Oficina Central do Rexistro Civil, sen prexuízo de trasladar a inscrición realizada ao Rexistro do Estado do cal for nacional a persoa falecida.
b) Si, poderá inscribirse en calquera Oficina Consular do Rexistro Civil fose de España, sen prexuízo de trasladar a inscrición realizada ao Rexistro do Estado do cal for nacional a persoa falecida.
c) Si, poderá inscribirse en calquera Oficina Xeral do Rexistro Civil, sen prexuízo de trasladar a inscrición realizada ao Rexistro do Estado do cal for nacional a persoa falecida
d) Non, este feito non será susceptible de ser inscrito no Rexistro Civil ao tratarse dun cidadán estranxeiro con residencia fóra de España.

**10 – Gema, xuíza do Tribunal de Instancia de Almadén, considera que unha das partes procesuais actuou conculcando as regras da boa fe procesual e con abuso do servizo público de Xustiza. Poderá Gema impoñerlle unha multa pola súa conduta?**

a) Non, non poderá impoñerlle unha multa pola súa actuación, porque a actuación das partes conculcando as regras da boa fe procesual e con abuso do servizo público de Xustiza non dan lugar á imposición de multa ningunha.
b) Si, poderá impoñerlle, en peza separada, mediante acordo motivado e respectando o principio de proporcionalidade, unha multa que poderá oscilar de cento oitenta a seis mil euros, sen que en ningún caso poida superar a metade da contía do litixio.
c) Si, poderá impoñerlle, en peza separada, mediante acordo motivado e respectando o principio de proporcionalidade, unha multa que poderá oscilar de cento oitenta a seis mil euros, sen que en ningún caso poida superar a terceira parte da contía do litixio.
d) Si, poderá impoñerlle, en peza separada, mediante acordo motivado e respectando o principio de proporcionalidade, unha multa que poderá oscilar de cento oitenta a seis mil euros, sen que en ningún caso poida superar a cuarta parte da contía do litixio.

**11 – Ernesto, alcalde dun pobo de Badaxoz, celebrou o matrimonio civil de Úrsula e Euladia, a pesar de que aínda non foi nomeado como tal, aínda que exercía as súas funcións publicamente. Será válido o matrimonio de Úrsula e Euladia?**

a) Si, a validez do matrimonio non quedará afectada pola falta de nomeamento de Ernesto, sempre que polo menos un dos cónxuxes procedese de boa fe e este exercese as súas funcións publicamente.
b) Si, a validez do matrimonio non quedará afectada pola falta de nomeamento de Ernesto, sempre que o matrimonio fose ratificado, no prazo de dez días, polo Pleno do Concello do lugar onde se celebrou o matrimonio.
c) Si, a validez do matrimonio non quedará afectada pola falta de nomeamento de Ernesto, sempre que o matrimonio fose ratificado, no prazo de vinte días, polo Pleno do Concello do lugar onde se celebrou o matrimonio.
d) Non, a validez do matrimonio quedará afectada pola falta de nomeamento de Ernesto, aínda que os cónxuxes procedesen de boa fe e este exercese as súas funcións publicamente.

**12 – Adela, avogada en exercicio, púxose de parto prematuro, o que lle vai impedir asistir á vista do xuízo verbal que ten a súa cliente, Idoia, ao día seguinte. Idoia ofrécese a ir á oficina xudicial e presentar ela mesma o escrito para solicitar a suspensión da vista. É necesario que o escrito sexa asinado por Adela?**

a) Cando a suspensión de vistas ou actuacións que se pretenda se funde en causas que se refiran especialmente ao avogado deberá este asinar o escrito, necesariamente, para que sexa admitido a trámite.
b) Cando a suspensión de vistas ou actuacións que se pretenda se funde en causas que se refiran especialmente ao avogado, o cliente deberá sempre presentalo por si mesmo.
c) Cando a suspensión de vistas ou actuacións que se pretenda se funde en causas que se refiran especialmente ao avogado, nunca deberá este asinar o escrito.
d) Cando a suspensión de vistas ou actuacións que se pretenda se funde en causas que se refiran especialmente ao avogado tamén deberá este asinar o escrito, se for posible.

**13 – Maite, casada con Pablo, outorgou un poder preventivo en favor do seu marido só para o suposto de que no futuro precise apoio no exercicio da súa capacidade. Tras cinco anos de matrimonio, Maite e Pablo divórcianse. Será válido o poder que outorgou Maite despois de divorciarse de Pablo?**

a) Si, o cesamento da convivencia non producirá nunca a súa extinción automática.

b) Si, o cesamento da convivencia non producirá a súa extinción automática, salvo que fose interposta denuncia polo poderdante por delito para o que a lei sinale pena privativa de liberdade superior a tres anos.
c) Non, o cesamento da convivencia producirá a súa extinción automática, salvo que medie vontade contraria do outorgante ou que o cesamento veña determinado polo internamento deste.
d) Non, o cesamento da convivencia producirá sempre a súa extinción automática, sen que poida manterse, en ningún caso, a súa validez.

**14 – Jerónimo ten o usufruto do predio cuxa titularidade pertence a Eva. Durante o desfrute do usufruto do predio, Jerónimo tivo que facer unhas reparacións ordinarias, por uns danos no uso natural do predio, para o seu mantemento. A conta de quen deberán facerse estas reparacións ordinarias?**

a) A conta da propietaria, Eva.
b) A conta do usufrutuario, Jerónimo
c) A conta de ambos, por partes iguais.
d) Nin o usufrutuario nin o propietario serán responsables dos gastos polas reparacións ordinarias do predio usufrutuada.

**15 – Belen, avogada en exercicio, está a preparar unha demanda para a adopción xudicial de medidas de apoio a unha persoa con discapacidade. Quen está lexitimado para promover este tipo de procedemento?**

a) Poden promovelo o seu cónxuxe non separado de feito ou legalmente ou quen se atope nunha situación de feito asimilable, o Ministerio Fiscal, o seu descendente, ascendente ou irmán, pero non a propia persoa interesada.
b) Poden promovelo, o seu cónxuxe non separado de feito ou legalmente ou quen se atope nunha situación de feito asimilable, pero non a propia persoa interesada, os seus descendentes, ascendentes ou irmáns ou o Ministerio Fiscal.
c) Poden promovelo a propia persoa interesada, o seu cónxuxe non separado de feito ou legalmente ou quen se atope nunha situación de feito asimilable, o seu descendente, ascendente ou irmán e o Ministerio Fiscal.
d) Poden promovelo a propia persoa interesada, o seu cónxuxe non separado de feito ou legalmente ou quen se atope nunha situación de feito asimilable, e os seus parentes por consanguinidade ou afinidade ata o cuarto grao e o Ministerio Fiscal.

**16 – Sergio, avogado de Selena, que foi demandada nun procedemento civil verbal, non está conforme coa clase de xuízo por razón da contía. En que momento procesual poderá Sergio impugnar a clase de xuízo por razón da contía?**

a) Sergio poderá impugnar a contía ou a clase de xuízo por razón da contía na contestación á demanda.
b) Sergio poderá impugnar a contía ou a clase de xuízo por razón da contía na audiencia previa.
c) Sergio poderá impugnar a contía ou a clase de xuízo por razón da contía antes do inicio do xuízo oral.
d) Sergio non poderá impugnar a contía ou a clase de xuízo por razón da contía durante o procedemento verbal.

**17 – No Tribunal de Instancia de Béjar un procedemento verbal quedou paralizado por forza maior non imputable á vontade das partes ou interesados. En que prazo se producirá a caducidade da instancia deste procedemento?**

a) Producirase a caducidade da instancia se non se produce actividade procesual ningunha no prazo dun ano desde a última notificación ás partes.
b) Producirase a caducidade da instancia se non se produce actividade procesual ningunha no prazo de dous anos desde a última notificación ás partes.
c) Producirase a caducidade da instancia se non se produce actividade procesual ningunha no prazo de cinco anos desde a última notificación ás partes.
d) Non se producirá caducidade da instancia se o procedemento quedase paralizado por forza maior non imputable á vontade das partes ou interesados.

**18 – Rigoberto, que ten a condición de consumidor, interveu nun procedemento xudicial, con avogada e procuradora, para interpoñer demanda tras formular unha reclamación extraxudicial previa, a pesar de non ser**

**preceptiva a súa intervención. Poderase incluír na taxación de custas a conta da procuradora e a minuta da avogada, neste caso?**

a) Si, na taxación de custas incluirase a conta da procuradora e a minuta da avogada, neste último caso co límite máximo establecido no artigo 394.3 da Lei de axuizamento civil.
b) Si, na taxación de custas incluirase a conta da procuradora e a minuta da avogada, neste último caso sen o límite establecido no artigo 394.3 da Lei de axuizamento civil.
c) Si, na taxación de custas incluirase a conta da procuradora e a minuta da avogada, neste último caso ata o límite máximo das dúas terceiras partes da contía do procedemento.
d) Si, na taxación de custas incluirase a conta da procuradora e a minuta da avogada, neste último caso ata o límite máximo das tres quintas partes da contía do procedemento.

**19 – Jaime, avogado de Marta, quere solicitar a declaración de concurso do seu cliente. De que prazo dispón para solicitala?**

a) O debedor deberá solicitar a declaración de concurso dentro dos dous meses seguintes á data en que coñecese ou debese coñecer o estado de insolvencia actual.
b) O debedor deberá solicitar a declaración de concurso dentro dos tres meses seguintes á data en que coñecese ou debese coñecer o estado de insolvencia actual.
c) O debedor deberá solicitar a declaración de concurso dentro dos seis meses seguintes á data en que coñecese ou debese coñecer o estado de insolvencia actual.
d) O debedor deberá solicitar a declaración de concurso dentro do ano seguinte á data en que coñecese ou debese coñecer o estado de insolvencia actual.

**20 – Fina quere participar como licitadora na poxa dun ben moble que se vai levar a cabo nunha oficina xudicial. Que porcentaxe ou cantidade deberá consignar para poder puxar na poxa electrónica?**

a) Será necesario consignar o 5 por cento, do valor dos bens ou un mínimo de 1.000 euros se o importe que resultase da aplicación desa porcentaxe fose inferior.
b) Será necesario consignar o 10 por cento, do valor dos bens ou un mínimo de 1.000 euros se o importe que resultase da aplicación desa porcentaxe fose inferior.
c) Será necesario consignar o 5 por cento, do valor dos bens ou un mínimo de 2.000 euros se o importe que resultase da aplicación desa porcentaxe fose inferior.
d) Será necesario consignar o 10 por cento, do valor dos bens ou un mínimo de 2.000 euros se o importe que resultase da aplicación desa porcentaxe fose inferior.

**21 – Juan formulou oposición ao xuízo monitorio interposto por Leocadia, no que lle reclamaba 14.000 euros. Que deberá facer a oficina xudicial unha vez formulada oposición?**

a) O letrado ou a letrada da Administración de Xustiza ditará decreto que dea por terminado o proceso monitorio e acorde seguir a tramitación conforme o previsto para este tipo de xuízo, e dará traslado da oposición ao actor, quen poderá impugnala por escrito no prazo de dez días.
b) O letrado ou a letrada da Administración de Xustiza ditará decreto que dea por terminado o proceso monitorio e acorde seguir a tramitación conforme o previsto para este tipo de xuízo, e dará traslado da oposición ao actor, quen poderá impugnala por escrito no prazo de vinte días.
c) O letrado ou a letrada da Administración de Xustiza ditará decreto que dea por terminado o proceso monitorio e acorde seguir a tramitación conforme o previsto para este tipo de xuízo, e dará traslado da oposición ao actor, quen poderá impugnala por escrito no prazo dun mes.
d) O letrado ou a letrada da Administración de Xustiza concederá prazo dun mes ao peticionario para interpoñer demanda de xuízo ordinario, baixo apercibimento de que se transcorrese o dito prazo sen se interpoñer ditarase decreto polo que se sobresean as actuacións e con condena en custas ao acredor.

**22 – Cristina, avogada de Lorenzo, quere acumular nun xuízo ordinario as diferentes accións que pretende exercitar Lorenzo contra Iván. Cal é o momento preclusivo que ten Cristina para a acumulación de accións contra Iván?**

a) Non se permitirá a acumulación de accións despois de presentada a demanda.
b) Non se permitirá a acumulación de accións despois de contestada a demanda.
c) Non se permitirá a acumulación de accións despois da audiencia previa.
d) Non se permitirá a acumulación de accións despois de comezar o prazo para ditar sentenza.

**23 – O Tribunal de Instancia de Madrid, que está a coñecer en primeira instancia dun procedemento civil de divorcio, tivo noticia da comisión dun acto de violencia de xénero, cometido por Germán contra a súa muller, Esperanza, téndose acordado no proceso penal unha orde de protección. Deberá inhibirse a Sección civil en favor da Sección de violencia contra a muller?**

a) Non, a Sección civil deberá continuar sempre o coñecemento da causa civil ata ditar sentenza.
b) Non, a Sección civil deberá continuar o coñecemento da causa civil ata ditar sentenza, salvo que se trate dun delito que teña sinalada unha pena privativa de liberdade superior a seis anos.
c) Si, a Sección civil deberá inhibirse, remitindo os autos no estado en que se atopen á Sección de violencia sobre a muller que resulte competente, aínda que se iniciase materialmente a vista ou comparecencia do procedemento civil contencioso.
d) Si, a Sección civil deberá inhibirse, remitindo os autos no estado en que se atopen á Sección de violencia sobre a muller que resulte competente, salvo que se iniciase materialmente a vista ou comparecencia do procedemento civil contencioso.

**24 – Lucas, de veciñanza civil común, é fillo de Miriam e José Antonio, ambos tamén de veciñanza civil común. Tras o seu divorcio, Miriam adquire a veciñanza civil aragonesa e José Antonio a navarra. Que veciñanza tería Lucas tras o cambio de veciñanza dos seus pais?**

a) O cambio de veciñanza dos pais afectará á veciñanza civil dos fillos, polo que adquiriría a veciñanza civil do seu pai, é dicir, a navarra.
b) O cambio de veciñanza dos pais afectará á veciñanza civil dos fillos, polo que adquiriría a veciñanza civil da súa nai, é dicir, a aragonesa.
c) O cambio de veciñanza dos pais afectará á veciñanza civil dos fillos, polo que adquiriría a veciñanza civil de calquera dos seus proxenitores, é dicir, a navarra ou a aragonesa.
d) O cambio de veciñanza dos pais, non afectarán á veciñanza civil dos fillos, polo que manterá a veciñanza civil común.

**25 – Escolla a pregunta en función do dereito foral elixido:**

**A - Dereito civil común:**

**25 – María Jesús e Sofía, de veciñanza civil común, van contraer matrimonio en Cuenca, lugar no que residen, sen outorgar capitulacións matrimoniais. Sofía é propietaria dun predio que comprou ao seu irmán Leonardo antes do matrimonio. Pasará este inmoble tras o matrimonio a integrar o patrimonio común das esposas?**

a) Non, serán privativos de cada un dos cónxuxes os bens, animais e dereitos que lle pertencesen ao comezar a sociedade, pero só nunha terceira parte do seu valor.
b) Non, serán privativos de cada un dos cónxuxes os bens, animais e dereitos que lle pertencesen ao comezar a sociedade, pero só nunha quinta parte do seu valor.
c) Non, serán privativos de cada un dos cónxuxes os bens, animais e dereitos que lle pertencesen ao comezar a sociedade.
d) Si, o inmoble formará parte do réxime ganancial das esposas.

**B - Dereito civil Aragón:**

**25 – Lorién e Acher, de veciñanza civil aragonesa, van contraer matrimonio en Teruel, lugar no que residen, sen outorgar capitulacións matrimoniais. Lorién é propietario dun predio que comprou ao seu irmán Paco. Pasará este inmoble tras o matrimonio a integrar o patrimonio común do consorcio conxugal dos esposos?**

a) Non, son bens privativos de cada cónxuxe os que lle pertenceren ao iniciarse o consorcio, pero só nunha terceira parte do seu valor.
b) Non, son bens privativos de cada cónxuxe os que lle pertenceren ao iniciarse o consorcio, pero só nunha quinta parte do seu valor.
c) Non, son bens privativos de cada cónxuxe os que lle pertenceren ao iniciarse o consorcio.
d) Si, o inmoble formará parte do réxime ganancial dos esposos.

**C - Dereito civil Baleares:**

**25 – Joana e Pep, de veciñanza civil das Illes Balears, van contraer matrimonio en Mallorca, lugar no que residen, sen outorgar capitulacións matrimoniais. Joana é propietaria dun predio que comprou ao seu irmán Antoni. Pasará este inmoble tras o matrimonio a integrar o patrimonio común dos esposos?**

a) Non, serán bens propios de cada cónxuxe aqueles que lle pertenzan ao establecer o réxime de separación, sendo comúns os que adquiran por calquera título os cónxuxes despois de contraeren matrimonio.
b) Si, serán bens comúns dos esposos aqueles que lles pertencesen ao establecer o réxime de separación e aqueles que adquira por calquera título mentres este estea vixente.
c) Non, serán bens propios de cada cónxuxe aqueles que lle pertenzan ao establecer o réxime de separación e aqueles que adquira por calquera título mentres este estea vixente.
d) Si, o inmoble formará parte do réxime ganancial dos esposos.

**D - Dereito civil Cataluña:**

**25 – Bernat e Carles, de veciñanza civil catalá, contraeron matrimonio en Girona, lugar no que residen, sen outorgar capitulacións matrimoniais. Bernat adquire despois de contraer matrimonio un predio que comprou ao seu irmán Domènech. Formará parte este inmoble do patrimonio común dos esposos?**

a) Non, os bens adquiridos a título oneroso durante o matrimonio pertencen nunha terceira parte ao cónxuxe que conste como titular, salvo pacto en contrario. Se se proba que a contraprestación se pagou con bens ou diñeiro do outro cónxuxe, presúmese a doazón.
b) Non, os bens adquiridos a título oneroso durante o matrimonio pertencen nunha cuarta parte ao cónxuxe que conste como titular, salvo pacto en contrario. Se se proba que a contraprestación se pagou con bens ou diñeiro do outro cónxuxe, presúmese a doazón.
c) Non, os bens adquiridos a título oneroso durante o matrimonio pertencen ao cónxuxe que conste como titular. Se se proba que a contraprestación se pagou con bens ou diñeiro do outro cónxuxe, presúmese a doazón.
d) Si, o inmoble formará parte do réxime ganancial dos esposos.

**E - Dereito civil Galicia:**

**25 – Nuno e Uxío, de veciñanza civil galega, van contraer matrimonio en Lugo, lugar no que residen, sen outorgar capitulacións matrimoniais. Uxío é propietario dun predio que comprou ao seu irmán Brais antes do matrimonio. Pasará este inmoble tras o matrimonio a integrar o patrimonio común dos esposos?**

a) Non, serán privativos de cada un dos cónxuxes os bens, animais e dereitos que lle pertencesen ao comezar a sociedade, pero só nunha terceira parte do seu valor.
b) Non, serán privativos de cada un dos cónxuxes os bens, animais e dereitos que lle pertencesen ao comezar a sociedade, pero só nunha quinta parte do seu valor.
c) Non, serán privativos de cada un dos cónxuxes os bens, animais e dereitos que lle pertencesen ao comezar a sociedade.
d) Si, o inmoble formará parte do réxime ganancial dos esposos.

**F - Dereito civil País Vasco (Bizkaia):**

**25 – Irati e Haizea, de veciñanza civil do País Vasco, van contraer matrimonio en Bilbao, lugar no que residen, sen outorgar capitulacións matrimoniais. Irati é propietaria dun predio que comprou ao seu irmán Kepa antes do matrimonio. Pasará este inmoble tras o matrimonio a integrar o patrimonio común das esposas?**

a) Non, serán privativos de cada un dos cónxuxes os bens, animais e dereitos que lle pertencesen ao comezar a sociedade, pero só nunha terceira parte do seu valor.
b) Non, serán privativos de cada un dos cónxuxes os bens, animais e dereitos que lle pertencesen ao comezar a sociedade, pero só nunha quinta parte do seu valor.
c) Non, serán privativos de cada un dos cónxuxes os bens, animais e dereitos que lle pertencesen ao comezar a sociedade.
d) Si, o inmoble formará parte do réxime ganancial dos esposos.

**G - Dereito civil Navarra:**

**25 – Ane e Mikel, de veciñanza civil navarra, van contraer matrimonio en Pamplona, lugar no que residen, sen outorgar capitulacións matrimoniais. Ane é propietaria dun predio que comprou ao seu irmán Javier antes do matrimonio. Pasará este inmoble tras o matrimonio a integrar o patrimonio común dos esposos?**

a) Non, ao seren bens privativos, pero só nunha terceira parte, os que a un cónxuxe proveñan de título oneroso anterior ao matrimonio, aínda que durante este teña lugar a adquisición.
b) Non, ao seren bens privativos, pero só nunha quinta parte, os que a un cónxuxe proveñan de título oneroso anterior ao matrimonio, aínda que durante este teña lugar a adquisición.
c) Non, ao seren bens privativos os que a un cónxuxe proveñan de título oneroso anterior ao matrimonio, aínda que durante este teña lugar a adquisición.
d) Si, o inmoble formará parte do réxime ganancial dos esposos.

**Preguntas de reserva**

**1 – José María é autor dunha obra gráfica que fixo con materiais de última xeración. Acode ao despacho de Concha, avogada en exercicio, para coñecer os seus dereitos como autor desta obra. Que debería responder Concha a José María cando lle pregunte sobre o dereito de participación da súa obra?**

a) O dereito de participación é alleable e renunciable, mediante escritura pública, e transmitirase unicamente por sucesión *mortis causa* e extinguirase transcorridos setenta anos contados desde o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se produciu a morte ou a declaración de falecemento do autor.
b) O dereito de participación é alleable e renunciable, mediante escritura pública, e transmitirase unicamente por sucesión *mortis causa* e extinguirase transcorridos noventa anos contados desde o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se produciu a morte ou a declaración de falecemento do autor.
c) O dereito de participación é inalleable, irrenunciable, transmitirase unicamente por sucesión *mortis causa* e extinguirase transcorridos setenta anos contados desde o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se produciu a morte ou a declaración de falecemento do autor.
d) O dereito de participación é inalleable, irrenunciable, transmitirase unicamente por sucesión *mortis causa* e extinguirase transcorridos noventa anos contados desde o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se produciu a morte ou a declaración de falecemento do autor.

**2 – A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia iniciou un procedemento sancionador contra Rodrigo por unha conduta restritiva da competencia. Cal sería o prazo máximo para ditar e notificar a resolución que poña fin ao procedemento sancionador contra Rodrigo?**

a) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución que poña fin ao procedemento sancionador por condutas restritivas da competencia será de doce meses contados desde a data do acordo de incoación do procedemento sancionador.
b) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución que poña fin ao procedemento sancionador por condutas restritivas da competencia será de vinte e catro meses contados desde a data do acordo de incoación do procedemento sancionador.
c) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución que poña fin ao procedemento sancionador por condutas restritivas da competencia será de trinta e seis meses contados desde a data do acordo de incoación do procedemento sancionador.

d) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución que poña fin ao procedemento sancionador por condutas restritivas da competencia será de corenta e oito meses contados desde a data do acordo de incoación do procedemento sancionador.

## ESPECIALIDADE XURÍDICA EN PENAL

**1 – O delito de creación de perfís falsos en redes sociais co fin de humillar a vítima previsto no artigo 172 ter 5 do Código penal, que tipo de delito é?**

a) É un delito leve.
b) É un delito menos grave.
c) Pode considerarse un delito menos grave ou leve dependendo de se a vítima é menor ou persoa con discapacidade.
d) É un delito grave.

**2 – O delito de usurpación do estado civil, con que tipo de pena está castigado?**

a) A usurpación do estado civil non é delito no noso ordenamento xurídico.
b) Con pena leve.
c) Con pena menos grave.
d) Con pena grave.

**3 – Cal destas circunstancias non é unha atenuante da responsabilidade criminal?**

a) A de proceder o culpable, antes de coñecer que o procedemento xudicial se dirixe contra el, a confesar a infracción ás autoridades.
b) O perdón do ofendido.
c) A de proceder o culpable a reparar o dano ocasionado á vítima, ou diminuír os seus efectos, en calquera momento do procedemento e con anterioridade á celebración do acto do xuízo oral.
d) A de actuar o culpable por mor da súa grave adicción ás substancias mencionadas no artigo 20. 2º do Código penal.

**4 – Mario foi condenado polo Xulgado do Penal por un delito contra a seguridade viaria previsto no artigo 379.1 do Código penal á pena de 7 meses de multa cunha cota diaria de 12 euros. Despois de ditarse esta sentenza, pode modificarse o importe da multa imposta?**

a) Non, en ningún caso.
b) Si, pero só no caso de que o solicite o Ministerio Fiscal.
c) Si, en calquera caso.
d) Si, de maneira excepcional nos casos en que variase a situación económica do penado e tras a debida indagación polo xuíz ou tribunal da dita situación.

**5 – Juan e Pedro son condenados como coautores dun delito de furto. María é condenada como cómplice destes. Como responden civilmente?**

a) Unicamente responden civilmente Juan e Pedro de maneira solidaria.
b) Responden civilmente Juan, Pedro e María de maneira solidaria.
c) Unicamente responden civilmente Juan e Pedro de maneira subsidiaria.
d) Juan e Pedro son responsables civilmente de maneira solidaria polas súas cotas e de maneira subsidiaria respecto da cota de María. María é responsable civilmente da súa cota e subsidiariamente das cotas de Juan e Pedro.

**6 – Quen responde civilmente dos danos ocasionados por un feito delituoso cometido por un menor de 18 anos?**

a) Responde unicamente o menor de idade que cometeu o feito.

b) Responden unicamente os seus pais, titores, acolledores e gardadores legais ou de feito.
c) Responde o menor de idade que cometeu o feito e responden solidariamente os seus pais, titores, acolledores e gardadores legais ou de feito. O xuíz pode moderar a responsabilidade destes se non favoreceron a conduta do menor con dolo ou neglixencia grave.
d) Responde o menor de idade que cometeu o feito e responden subsidiariamente os seus pais, titores, acolledores e gardadores legais ou de feito.

**7 – Teodoro, quen ten 15 anos, comete un feito tipificado como delito de estafa no Código penal sendo a vítima maior de idade, quen é o competente para axuizalo?**

a) A Sección de Violencia contra a Infancia e a Adolescencia do Tribunal de Instancia.
b) A Sección Penal do Tribunal de Instancia.
c) A Sección de Menores do Tribunal de Instancia.
d) A Audiencia Provincial.

**8 – María del Mar presencia que o seu esposo comete un delito de asasinato respecto dunha vítima menor de idade. Está obrigada a denuncialo?**

a) Non está obrigada a denuncialo en ningún caso.
b) Non está obrigada a denuncialo, porque a vítima non é unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección.
c) Está obrigada a denuncialo porque se trata dun delito contra a vida e a vítima é unha persoa menor de idade.
d) Está obrigada a denunciar o seu marido en todo caso, con independencia do delito que se trate.

**9 – Quen é o competente para o axuizamento do delito contra a intimidade previsto no artigo 197.7, segundo parágrafo, do Código penal?**

a) A Sección de Menores do Tribunal de Instancia.
b) A Sección de Instrución do Tribunal de Instancia.
c) A Sección Penal do Tribunal de Instancia.
d) A Audiencia Provincial.

**10 – Para que as partes nun procedemento non poidan revelar as dilixencias do sumario, cómpre que o xuíz declarase o segredo do sumario?**

a) Si, debe acordar o segredo do sumario o xuíz mediante resolución motivada.
b) Non é necesario que se declarase o segredo do sumario, porque as dilixencias do sumario serán reservadas e non terán carácter público ata que se abra o xuízo oral.
c) As partes poden en calquera caso revelar as dilixencias do sumario.
d) As partes nunca poden revelar as dilixencias do sumario, só poden facelo o xuíz ou o Ministerio Fiscal.

**11 – Cal destes delitos é susceptible de instrución e axuizamento polo procedemento para o axuizamento rápido de determinados delitos?**

a) O delito de roubo con violencia do artigo 242.1 do Código penal.
b) O delito de lesións graves previstas no artigo 149 do Código penal.
c) O delito de ameazas do artigo 169.1º do Código penal.
d) O delito de agresión sexual a persoa menor de 16 anos do artigo 181 do Código penal.

**12 – Pode unha persoa maior de 65 anos formar parte do Tribunal do Xurado?**

a) Si, pero poderá formular escusa para actuar como xurado.
b) Non, en ningún caso porque o teñen prohibido.
c) Non, en ningún caso porque teñen incompatibilidade para ser xurado.
d) Si, e non pode escusarse.

**13 – Mario é detido por un delito de usurpación de bens inmobles previsto no artigo 245.2 do Código penal, pode o xuíz acordar respecto deste a prisión provisional?**

a) Si, sempre que esta medida se adopte para algunha das finalidades que esixe a lei.
b) Non, porque se trata dun delito leve sancionado con pena de multa.
c) Si, pero só se o solicita o Ministerio Fiscal.
d) Si, pero só no caso de que o detido se negue a declarar.

**14 – Quen destas persoas non pode solicitarlle ao xuíz a adopción da prisión provisional?**

a) A policía xudicial.
b) O Ministerio Fiscal.
c) A acusación particular.
d) A acusación popular.

**15 – No caso de que a vítima do delito teña unha discapacidade intelectual, é obrigatorio a participación dun profesional experto que a modo de facilitador realice tarefas de adaptación e axuste necesarias para que a persoa con discapacidade poida entender e ser entendida?**

a) Si, en todo caso debe participar un profesional experto facilitador para que a vítima con discapacidade intelectual entenda e sexa entendida.
b) Non é obrigatoria a súa participación, só é obrigatoria no caso de que exista un informe do médico forense recomendando esta.
c) Non é obrigatoria a súa participación, é unha das opcións que prevé a lei no caso de que no proceso participen persoas con discapacidade.
d) Non, a vítima con discapacidade intelectual unicamente pode estar acompañada dunha persoa da súa elección desde o primeiro contacto coas autoridades e funcionarios.

**16 – Se a persoa especialmente designada pola persoa xurídica para a súa representación non comparece ao acto do xuízo, pode celebrarse a vista?**

a) En ningún caso, porque lles xeraría indefensión.
b) Só no caso de que o representante deixase de comparecer sen motivo lexítimo, e o xuíz ou tribunal, logo de oídas as partes, acorde a continuación do xuízo.
c) Só no caso de que a pena pedida polas acusacións para a persoa xurídica non supere os dous anos de prisión.
d) Si, pode celebrarse a vista, coa presenza do avogado e procurador da persoa xurídica.

**17 – Que valor teñen as declaracións das autoridades e funcionarios de policía xudicial?**

a) As súas declaracións teñen máis valor probatorio que a doutras testemuñas, porque gozan de presunción de veracidade.
b) As súas declaracións teñen menor valor probatorio que as doutras testemuñas, porque tiveron intervención na causa.
c) As súas declaracións teñen o valor de declaracións testemuñais, apreciables como estas segundo as regras do criterio racional.
d) As autoridades e funcionarios de policía non poden declarar na vista do xuízo oral.

**18 – A vítima que está a declarar como testemuña no xuízo oral, ten a obriga de responder as preguntas que se lle formulen sobre a súa intimidade sexual?**

a) Si, en todo caso.
b) Non, en ningún caso.
c) Non ten obriga de contestalas se non teñen relevancia para o feito delituoso axuizado.
d) Non ten obriga de contestalas se non teñen relevancia para o feito delituoso axuizado, salvo que, excepcionalmente e tendo en conta as circunstancias particulares do caso, o presidente considere que sexan pertinentes e necesarias, nese caso debe contestalas.

**19 – Quen é o competente para resolver o recurso de revisión interposto contra un decreto ditado polo letrado da Administración de Xustiza?**

a) O mesmo letrado da Administración de Xustiza que ditou o decreto obxecto de recurso.
b) A Audiencia Provincial.
c) O órgano a quen vaia corresponder o axuizamento do delito de que se trate.
d) O xuíz ou tribunal con competencia funcional na fase do proceso na que recaese o decreto do letrado da Administración de Xustiza que se impugna.

**20 – María foi condenada por un delito de estafa previsto no artigo 248 do Código penal á pena de 2 anos de prisión e a indemnizar a vítima na cantidade de 1.000 euros. A penada non ten antecedentes penais e satisfixo de maneira íntegra a responsabilidade civil. Se o xuíz decide conceder a María o beneficio da suspensión da execución da pena de 2 anos de prisión, por que prazo debe conceder a dita suspensión?**

a) Por un prazo de 2 a 5 anos.
b) Polo prazo que considere conveniente, atendendo á gravidade do feito e ás circunstancias da penada.
c) Por un prazo de 3 meses a 1 ano.
d) Por un prazo de 3 a 6 anos.

**21 – Carlos é condenado por un delito contra a seguridade viaria á pena de 10 meses de multa cunha cota diaria de 12 euros. Carlos non satisfai ningún importe da multa e o xuíz acorda a súa responsabilidade persoal subsidiaria por 5 meses de prisión. Pode o avogado de Carlos solicitarlle ao xuíz a suspensión da execución desa pena de 5 meses de prisión?**

a) Si, coma se se tratase de calquera outra pena privativa de liberdade.
b) Non, porque se trata de responsabilidade persoal subsidiaria por impago de multa.
c) Só pode solicitar a suspensión da pena de prisión se Carlos non pagou a multa por causas que non lle sexan imputables.
d) Neste caso só pode pedir a suspensión o Ministerio Fiscal, pero non pode facelo o avogado de Carlos.

**22 – As persoas xurídicas son susceptibles de seren responsables penalmente de calquera delito previsto no Código penal?**

a) Si, son susceptibles de responderen de calquera delito tipificado no Código penal.
b) Non, unicamente daqueles delitos que expresamente recollan a posible responsabilidade penal das persoas xurídicas.
c) Non, poden responder de calquera delito doloso, pero non responden dos delitos imprudentes.
d) Si, poden responder de calquera delito tipificado no Código penal, pero só no caso de que non se consiga depurar a responsabilidade penal da persoa física.

**23 – Cal destas penas non pode impoñérselle a unha persoa xurídica?**

a) Multa por cotas ou proporcional.
b) A prisión do administrador de feito ou dereito da persoa xurídica.
c) A disolución da persoa xurídica.
d) A prohibición de realizar no futuro as actividades en cuxo exercicio se cometese, favorecese ou encubrise o delito.

**24 – Se un xuíz que está a coñecer dun procedemento civil, antes de que se inicie a vista, ten noticia da posible comisión dun acto de violencia de xénero e é coñecedor de que se ditou unha orde de protección, como debe proceder?**

a) Debe dar traslado dos feitos ao Ministerio Fiscal para que exerza as accións oportunas.
b) Debe citar inmediatamente as partes a unha comparecencia co Ministerio Fiscal que se celebrará nas seguintes 24 horas a fin de que este tome coñecemento de cantos datos sexan relevantes sobre os feitos acaecidos.

c) Débese inhibir en favor do xuíz de violencia sobre a muller que resulte competente.
d) Se existen fillos menores de idade, débese inhibir ás Seccións de Violencia contra a infancia e a adolescencia do Tribunal de Instancia.

**25 – Pode o xuíz acordar unha orde de protección nos casos en que non resultase posible tomar declaración á persoa investigada?**

a) Si, se así llo solicitan o Ministerio Fiscal e a vítima, por si mesma ou a través da súa representación letrada.
b) En ningún caso pode acordar esta medida cautelar sen escoitar previamente o presunto agresor.
c) Si, pero só nos casos en que a defensa da persoa investigada non se opoña á súa adopción.
d) En todo caso pode o xuíz acordar esta medida sen escoitar previamente a persoa investigada, e con independencia de que a vítima ou o Ministerio Fiscal se opoñan á súa adopción.

**Preguntas de reserva**

**26 – Que recurso cabe contra o auto do xuíz que resolve o recurso de revisión interposto contra un decreto ditado polo letrado da Administración de Xustiza?**

a) Recurso de apelación ante a Audiencia Provincial.
b) Recurso de reposición ante o mesmo xuíz que ditou o auto.
c) Recurso de apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza.
d) Non cabe interpoñer recurso ningún.

**27 – Pódese formular recusación contra os candidatos a xurado?**

a) Si, pero unicamente polo maxistrado-presidente.
b) Si, polo Ministerio Fiscal e as demais partes dentro dos cinco días seguintes á entrega do cuestionario que os candidatos cubran.
c) Si, pero unicamente polo Ministerio Fiscal.
d) Si, polo maxistrado-presidente, polo Ministerio Fiscal e as demais partes.

**ESPECIALIDADE XURÍDICA EN ADMINISTRATIVO E CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO**

**1 – Antes da iniciación dun procedemento administrativo, o órgano competente para inicialo adopta, de oficio, por apreciar urxencia inaprazable e co fin de protexer provisionalmente os intereses implicados, as medidas provisionais que estima necesarias e proporcionadas. Logo de transcorreren dez días dítase acordo de iniciación do procedemento, que non contén pronunciamento expreso sobre tales medidas provisionais previamente adoptadas. Que efecto produce tal acordo de iniciación sobre as medidas provisionais?**

a) O feito de que o acordo de iniciación non conteña pronunciamento expreso acerca das medidas provisionais previamente adoptadas implica que estas foron implicitamente confirmadas, continuando os seus efectos.
b) As medidas provisionais terían quedado sen efecto con anterioridade ao acordo de iniciación, ao ser este ditado nun prazo posterior aos cinco días seguintes desde a súa adopción.
c) A actuación do órgano competente que acorda as medidas provisionais con anterioridade á incoación do procedemento administrativo é nula de pleno dereito, pois tales medidas provisionais unicamente poderán ser adoptadas unha vez iniciado o procedemento.
d) As medidas provisionais quedan sen efecto ao non conter o acordo de iniciación pronunciamento expreso acerca delas.

**2 – Teresa solicitou a ampliación do prazo para presentar alegacións nun procedemento administrativo. Denegouse tal ampliación. En que suposto podería prosperar o recurso de reposición interposto por Teresa fronte ao acordo que denega a ampliación?**

a) Cando se acredite que a ampliación solicitada se efectuou respecto dun prazo non vencido, que esta non excedía da metade do prazo establecido e que con ela non se prexudican dereitos de terceiro.
b) Cando se acredite que a solicitude de ampliación se amparaba nunha incidencia técnica que imposibilitase o funcionamento ordinario do sistema, sendo este o único suposto en que cabe conceder a ampliación.
c) Cando se acredite que a solicitude de ampliación se amparaba nun ciberincidente que afectou gravemente os servizos e sistemas utilizados para a tramitación dos procedementos.
d) En ningún. O acordo sobre denegación de prazos non é susceptible de recurso, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

**3 – Iniciado un procedemento de carácter sancionador, durante a súa instrución ponse de manifesto que a presunta infracción que deu lugar a tal incoación prescribiu, pode o órgano instrutor resolver a finalización do procedemento con arquivamento de actuacións?**

a) Si, sen que cumpra a formulación da proposta de resolución.
b) Si, pero deberá previamente e con carácter necesario ditar proposta de resolución.
c) Non, o órgano instrutor nunca pode resolver a finalización do procedemento, pois sempre lle corresponde ao órgano competente para resolver.
d) Non, unicamente podería resolver a finalización do procedemento con arquivamento de actuacións cando na instrución do procedemento se poña de manifesto a inexistencia dos feitos que puidesen constituír a infracción.

**4 – Laura interpuxo recurso de alzada fronte a un acto administrativo desfavorable aos seus intereses. No escrito de interposición solicitou a suspensión da execución do acto impugnado. Transcorrido un mes desde que a solicitude de suspensión tivo entrada no rexistro electrónico da Administración competente para decidir sobre esta, o órgano competente para resolver o recurso non ditou e notificou resolución expresa sobre a suspensión solicitada. Que efecto se produce?**

a) A solicitude de suspensión enténdese rexeitada tacitamente, por silencio administrativo.
b) Non produce efecto ningún. Para que a execución do acto impugnado se entenda suspendida deben transcorrer dous meses desde que a solicitude de suspensión tivese entrada no rexistro electrónico da Administración competente, sen que o órgano competente para resolver ditase resolución expresa.
c) A solicitude de suspensión enténdese inadmitida, o que é coherente coa imposibilidade de solicitar a suspensión dun acto administrativo por vía de recurso, pois a súa interposición non pode suspender a execución do acto impugnado.
d) A execución do acto impugnado entenderase suspendida.

**5 – Antonio inicia un procedemento de responsabilidade patrimonial, polo que solicita que se indemnicen os danos que se produciron, no seu prexuízo, consecuencia do funcionamento anormal da Administración de Xustiza. Desde a data na que interpuxo a reclamación produciuse o vencemento do prazo máximo sen ser notificada resolución expresa. Que efecto se produce para Antonio?**

a) O silencio terá efecto desacolledor.
b) O vencemento do prazo máximo sen se notificar resolución expresa lexitima a Antonio para entender acollida a reclamación.
c) O vencemento do prazo máximo sen se notificar resolución expresa lexitima a Antonio para entender acollida a reclamación, ao non atoparnos ante a excepción relativa á responsabilidade do Estado lexislador, nese caso o silencio tería efecto desacolledor.
d) O silencio tería efecto desacolledor salvo no suposto en que a lesión alegada sexa consecuencia da aplicación dunha norma con rango de lei declarada inconstitucional, nese caso o silencio tería efecto acolledor.

**6 – Iniciado un procedemento sancionador, é posible que a cualificación dos feitos que motivan a incoación do procedemento se realice nunha fase posterior ao acordo de iniciación?**

a) Non. O acordo de incoación nun procedemento sancionador debe conter en todo caso os feitos que motivan a incoación do procedemento, a súa posible cualificación e as sancións que puidesen corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución, sen que opere excepción ningunha.

b) Si. A cualificación dos feitos que motivan a incoación efectuarase sempre e en todo caso nun momento posterior ao acordo de incoación.
c) Si. Excepcionalmente, cando no momento de ditar o acordo de iniciación non existan elementos suficientes para a cualificación inicial dos feitos que motivan a incoación do procedemento.
d) Non. O acordo de incoación debe demorarse necesariamente, suspendendo o procedemento, ata que existan elementos suficientes para ditalo cualificando os feitos.

**7 – Natalia, profesional militar, interpón, o 5 de abril de 2025, recurso contencioso-administrativo contra un acto ditado por un órgano central do Ministerio de Defensa referido á orde na escala, a que órgano xudicial corresponde coñecer, en única instancia, do recurso?**

a) Á Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional.
b) Á Sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia.
c) Á Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza.
d) Á Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo.

**8 – Carlota, cuxo domicilio se atopa en Asturias, interpón recurso contencioso-administrativo contra un acto administrativo desfavorable aos seus intereses en materia de persoal ditado por un órgano estatal cuxa sede está en Madrid. Non ten dúbida de que a competencia obxectiva lle corresponde á Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, pero como se determina a competencia territorial?**

a) Será sempre competente a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, por ser o órgano xurisdicional en cuxa circunscrición ten a súa sede o órgano que ditou o acto orixinario impugnado.
b) Será sempre competente a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias, por ser aquel en cuxa circunscrición ten a recorrente o seu domicilio.
c) Será competente calquera Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de España, a elección de Carlota, ao atoparnos ante un acto impugnado en materia de persoal.
d) Será competente, a elección de Carlota, a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid ou a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias.

**9 – No procedemento contencioso-administrativo, advirte o profesional da avogacía que asiste a parte demandante, antes de formalizar a demanda, que o expediente administrativo remitido pola Administración demandada está incompleto. Que deberá facer o profesional da avogacía para que o expediente sexa completado?**

a) Deberá formular a demanda e, unha vez presentada esta, solicitar que se complete o expediente.
b) Deberá solicitar na demanda, por medio de outrosí, a práctica da proba consistente en que se complete o expediente.
c) Non pode solicitar que se complete o expediente, pero poderá poñer de manifesto na demanda o seu carácter incompleto, para que o órgano xudicial poida decidir sobre a indefensión que iso lle causa.
d) Deberá solicitar, dentro do prazo para formular demanda, que se reclamen os antecedentes para completalo.

**10 – Oliva considera que un acto administrativo vulnera o seu dereito fundamental á igualdade. Cinco días despois de recibir a notificación do acto, consulta cun profesional da avogacía, que lle aconsella acudir ao procedemento para a protección dos dereitos fundamentais da persoa. De que prazo dispón para interpoñer recurso en tal procedemento especial?**

a) Dous meses desde a notificación do acto administrativo.
b) Un ano desde que se produciu a vulneración, sendo este o prazo especial para a protección de dereitos fundamentais.
c) Cinco días desde a notificación, por tanto, salvo que se interpoña o mesmo día da consulta, o recurso sería extemporáneo.
d) Dez días desde o día seguinte ao da notificación do acto.

**11 – Atópanse lexitimados os sindicatos ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa para actuar, en nome do persoal funcionario e estatutario afiliado a eles que así o autorice, en defensa dos seus dereitos individuais?**

a) Non, os sindicatos non se atopan lexitimados ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa.
b) Non, os sindicatos unicamente se atopan lexitimados cando resulten directamente afectados polo acto recorrido sempre que estean legalmente habilitados para a defensa dos dereitos e os intereses lexítimos colectivos.
c) Si, atópanse lexitimados, e recaen sobre os funcionarios afiliados os efectos da súa actuación.
d) Si, atópanse lexitimados, sen que sobre os funcionarios afiliados recaian os efectos da súa actuación.

**12 – Interposto recurso contencioso-administrativo, o recorrente non solicitou a práctica da proba no escrito de demanda. Presentado, polo demandado, escrito de contestación á demanda, del resultan novos feitos de transcendencia para a resolución do preito. Pode o recorrente pedir o recibimento do preito a proba?**

a) Non. Soamente é posible pedir o recibimento do proceso a proba no escrito de demanda.
b) Deberá agardar ao trámite de conclusións para solicitar o recibimento a proba.
c) Poderá pedir o recibimento a proba en calquera momento ata a vista ou o sinalamento para votación e resolución.
d) Poderá pedir o recibimento a proba dentro dos cinco días seguintes a aquel en que se lle deu traslado da contestación á demanda.

**13 – Cal das seguintes afirmacións, en relación coa adopción de medida cautelar no proceso contencioso-administrativo, é correcta?**

a) A solicitude de medida cautelar unicamente poderá efectuarse no escrito de demanda.
b) As medidas cautelares non poderán ser revogadas durante o curso do procedemento.
c) En ningún caso pode adoptarse medida cautelar sen previa audiencia á parte contraria.
d) A medida cautelar poderá denegarse cando desta puidese seguirse perturbación grave dos intereses xerais ou de terceiro que o xuíz ou tribunal ponderará en forma circunstanciada.

**14 – Candela interpuxo recurso contencioso-administrativo contra o acordo que arquivaba o procedemento disciplinario iniciado contra un compañeiro. Rexeitadas as alegacións previas formuladas pola demandada, resólvese o recurso en sentenza, e o Tribunal aprecia nela a falta de lexitimación para recorrer de Candela. Que declarará a sentenza?**

a) O desacollemento do recurso.
b) O acollemento ou desacollemento do recurso conforme o fondo, con independencia da ausencia de lexitimación.
c) Nunca se ditará sentenza cando o recurso se interpuxo por persoa non lexitimada.
d) A inadmisibilidade do recurso.

**15 – A Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid ditou auto polo que se acolle a extensión de efectos dunha sentenza en materia de persoal. Cabe preparar contra este auto recurso de casación?**

a) Si, sempre que previamente se interpuxese contra este auto recurso de reposición.
b) Si, directamente, sen necesidade de interpoñer previamente recurso de reposición.
c) Non, non é susceptible de recurso ningún.
d) Non, unicamente caberá recurso de apelación ante a Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional.

**16 – Cal é o prazo máximo para a interposición do recurso de apelación?**

a) Dous meses desde a notificación da sentenza.
b) Un mes desde a notificación da sentenza.
c) Cinco días desde a notificación da sentenza.
d) Quince días desde a notificación da sentenza.

**17 – Notificada unha sentenza acolledora ditada nun procedemento contencioso-administrativo que non sinala prazo para o cumprimento da decisión. Cando pode a parte recorrente instar a súa execución forzosa?**

a) Desde o día seguinte ao da súa notificación.
b) Non sinalando a sentencia prazo para o cumprimento da decisión non é posible instar a súa execución forzosa.
c) En calquera momento desde a súa notificación ata que transcorra un ano.
d) Transcorridos dous meses a partir da comunicación da sentenza.

**18 – Interposto recurso especial en materia de contratación contra o acordo de adxudicación ditado en relación cun contrato de servizos cuxo valor estimado ascende a 200.000 mil euros, que efecto se produce en relación coa tramitación do procedemento?**

a) Quedará en suspenso.
b) Continuará o procedemento que non poderá ser suspendido cando o acto impugnado sexa o acordo de adxudicación.
c) Continuará o procedemento salvo que o recorrente solicitase a adopción de medida cautelar de suspensión e o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais acorde a súa adopción de forma motivada.
d) Non produce ningún efecto, pois non é admisible a interposición de recurso especial en materia de contratación contra o acordo de adxudicación ditado en relación cun contrato de servizos cuxo valor estimado é inferior a 1 millón de euros.

**19 – Pode acordar o órgano de contratación a utilización dun procedemento aberto simplificado nun contrato de obras cuxo valor estimado ascende a 1.900.000 euros e no que o prego prevé criterios de adxudicación avaliables mediante xuízo de valor cuxa ponderación ascende ao 50% do total?**

a) Non, a previsión de criterios de adxudicación avaliables mediante xuízo de valor cuxa ponderación ascende ao 50% do total impide utilizar o procedemento aberto simplificado.
b) Si.
c) Non, nunca poderá acordarse a utilización dun procedemento aberto simplificado nun contrato de obras, calquera que sexa o seu valor estimado e os criterios de adxudicación previstos.
d) Non, nunca poderá acordarse a utilización dun procedemento aberto simplificado nun contrato de obras cuxo valor estimado sexa superior a 100.000 euros.

**20 – No ámbito da expropiación forzosa, que efecto produce o feito de que a Administración acepte a valoración dos propietarios efectuada na folla de aprecio en relación co ben que se expropia?**

a) A Administración redactará folla de aprecio fundada do valor do obxecto da expropiación, que se lle notificará ao propietario, para que a acepte ou rexeite.
b) Pasarase o expediente de prezo xusto ao Xurado Provincial de Expropiación.
c) Pasarase o expediente de prezo xusto ao Xurado Estatal de Expropiación.
d) Entenderase determinado definitivamente o prezo xusto.

**21 – En cal dos seguintes supostos pode impoñerse, por infraccións cometidas no ámbito da normativa de estranxeiría, á persoa estranxeira infractora, conxuntamente as sancións de expulsión e multa?**

a) Por atoparse irregularmente en territorio español.
b) En ningún caso.
c) Polo incumprimento das medidas impostas por razón de seguridade pública, de presentación periódica ou de afastamento de fronteiras ou núcleos de poboación concretados singularmente.
d) Por participar en actividades que poidan prexudicar as relacións de España con outros países.

**22 – En cal dos seguintes supostos podería ser imposta a sanción de expulsión por unha infracción cometida no ámbito da normativa de estranxeiría a unha persoa estranxeira residente en España que é beneficiaria dunha prestación por incapacidade permanente para o traballo como consecuencia dun accidente de traballo ocorrido en España?**

a) En ningún caso.
b) Cando cometese, sen previa reincidencia, unha infracción consistente en saír do territorio español por postos non habilitados.
c) Cando cometese, sen previa reincidencia, unha infracción consistente en participar en actividades contrarias á seguridade nacional.
d) Cando cometese, sen previa reincidencia, unha infracción consistente en promover a permanencia irregular en España dunha persoa estranxeira.

**23 – O Tribunal Económico Administrativo Rexional de Madrid dita resolución pola que rexeita a reclamación económico-administrativa interposta. A resolución é susceptible de recurso de alzada ordinario ante o Tribunal Económico-administrativo Central. O interesado entende que existe fundamento para interpoñer contra a resolución recurso de anulación, por incorrer esta en incongruencia completa e manifesta. En caso de interpoñer tal recurso de anulación, que ocorre co prazo para a interposición do recurso ordinario de alzada?**

a) O prazo continúa correndo, debendo ser interpostos ambos os recursos de maneira simultánea.
b) O prazo continúa correndo, debendo optar o reclamante por renunciar a el en caso de interpoñer recurso de anulación.
c) O prazo para a interposición do recurso ordinario de alzada queda suspendido pola interposición do recurso de anulación.
d) O prazo para a interposición do recurso de anulación queda suspendido pola interposición do recurso de alzada ordinario, polo que deberá interpoñer necesariamente este recurso primeiro.

**24 – No suposto en que unha reclamación económico-administrativa se tramite polo procedemento abreviado, en que momento, desde a interposición da reclamación, pode entendela o interesado rexeitada para interpoñer o recurso procedente?**

a) Transcorridos seis meses sen que fose notificada resolución.
b) Transcorrido un ano sen que fose notificada resolución.
c) Transcorridos tres meses sen que fose notificada resolución.
d) Transcorridos dous anos sen que fose notificada resolución.

**25 – A que título habilitante está suxeito o uso privativo dun ben de dominio público durante un prazo de cinco anos?**

a) A concesión.
b) A autorización.
c) Non é preciso o título habilitante por se tratar dun uso privativo e non de aproveitamento especial.
d) Non está suxeito a título habilitante ao non exceder a duración do uso privativo de dez anos.

**Preguntas de reserva**

**1 – Iniciado de oficio pola Administración un procedemento de responsabilidade patrimonial, o acordo de iniciación do procedemento notifícase aos particulares presuntamente lesionados. Estes particulares non comparecen no procedemento no prazo establecido. Que efectos se producen en relación co procedemento iniciado?**

a) O procedemento instruirase.
b) Arquivarase o procedemento sen instrución.
c) Suspenderase o procedemento sen instrución.
d) Non é posible iniciar un procedemento de responsabilidade patrimonial de oficio, sempre se inicia a instancia de parte.

**2 – A que órgano debe dirixirse a solicitude de extensión dos efectos dunha sentenza firme que recoñecese unha situación xurídica individualizada en favor dunha persoa en materia de persoal ao servizo da Administración pública?**

a) Ao Tribunal Supremo en todo caso.
b) Á administración pública competente.
c) Ao órgano xurisdicional competente que ditase a resolución da que se pretende que se estendan os efectos.
d) Ao Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes.

## ESPECIALIDADE XURÍDICA EN LABORAL

**1 – O proceso monitorio pode seguirse ante reclamacións fronte a empresarios que non estean en situación de concurso, referidas a cantidades vencidas, esixibles e de contía determinada, derivadas da súa relación laboral. Indique a resposta correcta.**

a) En reclamacións que non excedan de 15.000 euros.
b) É indiferente o importe.
c) Só pode seguirse cando se acumule con outras accións.
d) En reclamacións que non excedan de 6.000 euros.

**2 – O artigo 50 do Estatuto dos traballadores establece que será causa xusta para que o traballador poida solicitar a extinción do contrato a falta de pagamento ou atrasos continuados no aboamento do salario pactado, en que condicións?**

a) Cando haxa atraso no aboamento do salario de tres meses.
b) Cando se produza o impago do salario e se lle deban ao traballador ou traballadora tres mensualidades completas de salario no período dun ano, aínda que non sexan consecutivas.
c) Cando haxa atraso no aboamento do salario en dous meses e impago de máis de dous meses.
d) Cando se produza o impago do salario e se lle deban ao traballador ou traballadora dúas mensualidades completas de salario no período dun ano de carácter consecutivo.

**3 – Rosa traballa como técnica de laboratorio, queda embarazada, e aos poucos días é despedida. Este despedimento como pode ser cualificado?**

a) Nulo ou procedente.
b) Nulo en todos os casos.
c) Improcedente ou procedente.
d) Nulo, só se se acredita vulneración de dereitos fundamentais.

**4 – No procedemento laboral, cando se efectúa a contestación da demanda?**

a) Durante os vinte días posteriores á notificación da demanda.
b) No acto de xuízo.
c) Durante os dez días posteriores á notificación da demanda.
d) En calquera momento anterior ao xuízo.

**5 – No caso de que un empresario queira despedir por motivos disciplinarios un representante legal dos traballadores, que requisito formal debe cumprir o empregador con carácter previo?**

a) Deberá tramitar un expediente contraditorio.
b) Deberá dar audiencia aos representantes de prevención de riscos laborais.
c) Deberá formular unha consulta á comisión paritaria do convenio colectivo da empresa.
d) Deberá dar audiencia previa aos representantes legais dos traballadores.

**6 – No suposto de comunicación dunha modificación substancial das condicións de traballo referida á xornada, pode o traballador ou traballadora rescindir o contrato de traballo?**

a) Poderá rescindir o contrato de traballo con dereito a percibir unha indemnización de 33 días por ano traballado co límite de 24 mensualidades cando a modificación substancial lle cause un prexuízo.
b) Poderá rescindir o contrato de traballo con dereito a percibir unha indemnización de 20 días por ano traballado co límite de 9 mensualidades cando a modificación substancial lle cause un prexuízo.
c) Poderá rescindir o contrato de traballo con dereito a percibir unha indemnización de 30 días por ano traballado co límite de 12 mensualidades.
d) Poderá rescindir o contrato de traballo con dereito a percibir unha indemnización de 20 días por ano traballado co límite de 12 mensualidades.

**7 – Na xurisdición social, en cal destes procedementos se exceptúa o requisito do intento de conciliación?**

a) Dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
b) Despedimento cando o empregador é unha empresa.
c) No suposto de extinción por vontade do traballador do contrato de traballo.
d) No suposto dunha reclamación de cantidade contra o empresario.

**8 – Cal é a duración máxima do contrato de traballo de duración determinada celebrado por circunstancias da produción?**

a) A duración máxima do contrato de traballo será de 6 meses, por convenio colectivo de ámbito sectorial poderase ampliar a duración máxima do contrato ata un ano.
b) A duración máxima do contrato de traballo será de 3 meses, ampliable a un ano por convenio colectivo.
c) O contrato de traballo manterase mentres dure o pico de produción fixado na cláusula temporal.
d) A duración máxima do contrato de traballo será de 12 meses, nun período de dezaoito meses.

**9 – En que casos o contrato de traballo presumirase celebrado por tempo indefinido e a xornada completa?**

a) Presumirase celebrado por tempo indefinido e a xornada completa no suposto de non observarse a esixencia de forma escrita, salvo proba en contrario que acredite a súa natureza temporal ou o carácter a tempo parcial dos servizos.
b) Por motivo de que o contrato de traballo non indique o convenio colectivo de aplicación.
c) A condición de que o estableza o convenio aplicable á relación laboral que se instrumenta.
d) No caso de que o contrato de traballo non estea asinado polo representante dos traballadores en empresas de máis de 50 traballadores.

**10 – No caso de que un traballador ou traballadora sufra un accidente de traballo como consecuencia de falta de medidas de seguridade no traballo, a que recarga das prestacións económicas terá dereito**?

a) Todas as prestacións económicas que se deriven do accidente de traballo incrementaranse do 10% a un 20%.
b) Todas as prestacións económicas que se deriven do accidente de traballo incrementaranse do 40% a un 60%.
c) Todas as prestacións económicas que se deriven do accidente de traballo incrementaranse do 20% a un 50%.
d) Todas as prestacións económicas que se deriven do accidente de traballo incrementaranse do 30% a un 50%.

**11 – A Administración Pública despide a unha traballadora e esta decide acudir á xurisdición social en defensa dos seus dereitos e intereses Que debe facer esta traballadora?**

a) Debe presentar con carácter preceptivo unha reclamación previa administrativa ante a Administración Pública.
b) Debe intentar a conciliación previa.
c) Debe presentar directamente a demanda ante a Sección do Social do Tribunal de Instancia.
d) É optativa a presentación de reclamación previa administrativa ou o intento de conciliación ante a Administración Pública.

**12 – Irene é sancionada pola comisión dunha falta grave coñecida pola empresa e acode ao despacho dun graduado social para que a informe sobre a posibilidade de impugnar a sanción, cando prescribe a comisión da falta grave cometida por Irene?**

a) A comisión dunha falta grave prescribe aos 25 días desde que foi cometida.
b) A comisión dunha falta grave prescribe aos 10 días a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión.
c) A comisión dunha falta grave prescribe aos 20 días a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión.
d) A comisión dunha falta grave prescribe aos 2 meses de se cometer, en todo caso.

**13 – Pode acumular a parte actora nunha mesma demanda a impugnación dun despedimento e unha reclamación de cantidade?**

a) O traballador poderá acumular á acción de despedimento a reclamación das cantidades vencidas, esixibles e de contía determinada debidas ata esa data.
b) O traballador non poderá acumular a acción de despedimento e a reclamación de cantidade.
c) O traballador poderá acumular á acción de despedimento a reclamación da liquidación das cantidades debidas ata esa data. Non obstante, se pola especial complexidade dos conceptos reclamados se puidesen derivar demoras excesivas ao proceso por despedimento, o xulgado poderá dispoñer, acto seguido da celebración do xuízo, que se tramiten en procesos separados as pretensións de despedimento e cantidade.
d) O traballador non poderá acumular a acción de despedimento e a reclamación de cantidade nun mesmo xuízo, salvo cando teñan a mesma causa de pedir.

**14 – Nunha empresa ou centro de traballo cun persoal de 9 traballadores, pode haber representación legal dos traballadores e en que número?**

a) Si. Un delegado de persoal, en todo caso.
b) Non. Só a empresa ou centro de traballo que teña máis de 10 traballadores.
c) Si. Un delegado de persoal, sempre que o decidise a maioría dos traballadores.
d) Si. Tres delegados de persoal.

**15 – Luis obtivo sentenza favorable aos seus intereses tras a demanda por reclamación de cantidade que interpuxo contra a empresa, a cal interpuxo recurso de suplicación. Pode solicitar a execución provisional desta sentenza e ata que cantidade?**

a) O traballador pode solicitar a execución provisional da sentenza, aínda que fose obxecto de recurso de suplicación e obter un anticipo como máximo ata o 50 por cento do importe da cantidade recoñecida.
b) O traballador non poderá solicitar a execución provisional da sentenza ata que sexa firme.
c) O traballador poderá solicitar a execución provisional da sentenza, aínda que fose obxecto de recurso de suplicación, pero ten que recaer sobre os pronunciamentos que non foron impugnaron pola empresa no recurso.
d) O traballador pode solicitar a execución provisional da sentenza, aínda que fose obxecto de recurso de suplicación e obter un anticipo como máximo ata o 30 por cento do importe da cantidade recoñecida.

**16 – En que supostos son recorribles en suplicación ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza as sentenzas que condenen o empresario ao aboamento dunha cantidade a un traballador?**

a) Todas as sentenzas son recorribles con independencia da súa contía.
b) Son recorribles as sentenzas nos procesos cuxa contía sexa superior aos 3.000 euros.
c) As sentenzas que condenen o empresario ao aboamento dunha cantidade a un traballador nunca poderán ser obxecto de recurso.
d) Son recorribles as sentenzas nos procesos cuxa contía sexa superior aos 6.000 euros.

**17 – Josefina traballadora dunha empresa recibe unha notificación desta pola que lle comunican o seu traslado a outro centro de traballo; Josefina ten responsabilidades familiares e solicita asesoramento sobre a posibilidade de extinción do seu contrato de traballo.**

a) Poderá solicitar a extinción do contrato de traballo con dereito a percibir unha indemnización de 33 días de salario por ano de servizo cun máximo de 12 mensualidades.
b) Poderá solicitar a extinción do contrato de traballo con dereito a percibir unha indemnización de 45 días de salario por ano de servizo cun máximo de 12 mensualidades.
c) Poderá solicitar a extinción do contrato de traballo con dereito a percibir unha indemnización de 20 días de salario por ano de servizo cun máximo de 12 mensualidades.
d) Poderá solicitar a extinción do contrato de traballo con dereito a percibir unha indemnización de 33 días de salario por ano de servizo cun máximo de 9 mensualidades.

**18 – Que límites operan cando o Fondo de Garantía Salarial lles aboa aos traballadores o importe dos salarios pendentes de pago por causa de insolvencia ou concurso do empresario?**

a) O límite será o importe do salario recoñecido ao traballado incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias, pero o seu importe non poderá superar o dobre do salario mínimo interprofesional, multiplicado polo número de días de salario pendente de pago, limitado á súa vez cun máximo de 120 días.
b) O límite é un importe taxado anualmente.
c) O límite máximo dunha anualidade de acordo co salario diario recoñecido.
d) O límite será o importe do salario recoñecido ao traballado incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias, pero o seu importe non poderá superar o dobre do salario mínimo interprofesional, multiplicado polo número de días de salario pendente de pagamento, limitado á súa vez cun máximo de 150 días.

**19 – Marta foi despedida da empresa na que traballaba, que prazo ten para reclamar contra o despedimento?**

a) O prazo será de 20 días hábiles de prescrición.
b) O prazo será de 30 días hábiles de prescrición.
c) O prazo será de 20 días hábiles de caducidade.
d) O prazo será de 30 días hábiles de caducidade.

**20 – Jorge interpuxo unha demanda de reclamación de cantidade ante a Sección do Social do Tribunal de Instancia de Vigo, na que solicitou que a empresa fose requirida para que achegase determinada proba documental xustificativa das súas pretensións. Inadmitida pola Sección do Social a proba por innecesaria, que resolución se ditará, e, se é o caso, que recurso poderá interpoñerse contra esa resolución?**

a) Contra o auto polo que non se admitía a proba documental proposta por innecesaria cabe recurso de reposición.
b) Contra o decreto definitivo polo que non se admitía a proba documental proposta por innecesaria cabe recurso de reposición.
c) Contra a providencia pola que non se admitía a proba documental proposta por innecesaria cabe recurso de suplicación.
d) Contra a dilixencia de ordenación pola que non se admitía a proba documental proposta por innecesaria cabe interpoñer recurso de queixa.

**21 – A empresa XX estaba citada a un xuízo sinalado na Sección do Social do Tribunal de Instancia de Zamora o día 20 de maio e non compareceu. Que consecuencias produciu a incomparecencia?**

a) Non puido celebrarse o xuízo por este motivo e suspendeuse a vista.
b) Celebrouse igualmente o xuízo, e en sentenza foi condenada a empresa e foille imposta unha sanción de 550 euros.
c) Celebrouse igualmente o xuízo, e en sentenza foi condenada a empresa e foille imposta unha sanción de 650 euros.
d) Non puido celebrarse o xuízo por este motivo e ditouse sentenza condenatoria.

**22 – Cal das seguintes afirmacións en relación coa asistencia ao acto de conciliación ou de mediación é correcta?**

a) Se a parte solicitante non asiste tense por desistida.
b) Se a parte solicitante e a outra parte non asisten, suspéndese e son citadas novamente outro día.

c) Se a parte solicitante asiste e a outra parte non comparece, deberá presentar novamente a papeleta de conciliación.
d) Se a parte solicitante non asiste tense por non presentada a papeleta de conciliación e arquivarase todo o actuado.

**23 – As sentenzas no procedemento laboral, como deben ditarse?**

a) Deben ditarse todas por escrito.
b) Cabe a posibilidade de ser ditadas oralmente unha vez finalizado o xuízo cando participaron as partes sen a asistencia de persoas profesionais da avogacía ou de graduados ou graduadas sociais, documentada no soporte audiovisual e posteriormente notificada a redacción dos elementos esenciais.
c) Cabe a posibilidade de que sexan ditadas oralmente unha vez finalizado o xuízo cando participaron as partes coa asistencia de persoas profesionais da avogacía ou de graduados ou graduadas sociais, documentada no soporte audiovisual e posteriormente notificada a redacción dos elementos esenciais, cando sexan firmes.
d) Cabe a posibilidade de que sexan ditadas oralmente unha vez finalizado o xuízo cando participaron as partes coa asistencia de persoas profesionais da avogacía ou graduados ou graduadas sociais, documentada no soporte audiovisual e posteriormente notificada a redacción dos elementos esenciais.

**24 – Conforme o artigo 2 da Lei reguladora da xurisdición social, cal das seguintes cuestións litixiosas lles corresponde coñecer aos órganos xurisdicionais da orde social?**

a) Das cuestións litixiosas en materia de prevención de riscos laborais que se susciten entre o empresario e os obrigados a coordinar con este as actividades preventivas de riscos laborais e os suxeitos ou entidades que asumisen a responsabilidade de organizar os servizos de prevención.
b) Das impugnacións dos actos administrativos en materia de Seguridade Social relativos a inscrición de empresas, formalización da protección contra riscos profesionais, tarifación, afiliación, alta, baixa e variacións de datos de traballadores.
c) Das impugnacións en materia de liquidación de cotas, actas de liquidación e actas de infracción vinculadas coa dita liquidación de cotas e con respecto aos actos de xestión recadatoria, incluídas as resolucións ditadas nesta materia pola súa respectiva entidade xestora, no suposto de cotas de recadación conxunta coas cotas de Seguridade Social e, en xeral, os demais actos administrativos conexos aos anteriores ditados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
d) O recoñecemento da situación de dependencia e prestacións económicas e servizos derivados da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, tendo para todos os efectos desta lei a mesma consideración que as relativas ás prestacións e os beneficiarios da Seguridade Social.

**25 – A proba documental na orde xurisdicional social, como debe achegarse ao procedemento?**

a) De forma anticipada, con dez días de antelación ao acto do xuízo, presentada en formato electrónico, salvo que a parte non veña obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración de Xustiza, nese caso, admitirase a presentación en papel ou noutros soportes non dixitais.
b) A documental achegarase no acto do xuízo.
c) Só poderá trasladarse entre as partes de forma anticipada a proba documental que, polo seu volume ou complexidade, sexa conveniente posibilitar o seu exame previo ao momento da práctica da proba.
d) A proba documental só poderá achegarse co escrito de demanda.

**Preguntas de reserva**

**26 – Como poden comparecer as partes nos procedementos laborais?**

a) As partes poden comparecer mediante representación por medio de avogado, procurador, graduado social colexiado ou calquera persoa que se atope no pleno exercicio dos seus dereitos civís.
b) É preceptiva a representación dunha persoa profesional de procuradoría.
c) Poden comparecer por si mesmas ou conferir a súa representación a avogado, procurador, graduado social colexiado ou calquera persoa que se atope no pleno exercicio dos seus dereitos civís.

d) É preceptiva a representación dunha persoa profesional da avogacía.

**27 – Que percepción económica percibirá a persoa que fose recoñecida en situación de incapacidade permanente absoluta por parte do Instituto Nacional da Seguridade Social?**

a) O 75 % da base reguladora.
b) O 55 % da base reguladora.
c) O 100 % da base reguladora.
d) Unha indemnización a tanto alzado de 24 mensualidades da base reguladora.